

**Número 18 - Ano 2024**

**ACTA**

**da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**27 de decembro de 2024**

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e doce minutos do día vinte e sete de decembro de vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

Abandonan a sesión antes de finalizarse esta DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, que se marcha ás 10:45 horas; e DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, que se vai as 11:20 horas. Así mesmo abandona a sesión ás 11:20 horas o Interventor xeral municipal, don Luis Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 20 de decembro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación, para levar a efectos o DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO, previsto no Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP), no seu artigo 114.

Aberto o acto pola Presidencia, e da súa orde, éntrase no referido debate, producíndose as seguintes intervencións:

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, bo día. Iniciamos este pleno extraordinario de debate sobre o estado do Concello de Lugo. E vou indicarlles moi someramente algo que xa coñecen. Trátase do artigo 114 do noso regulamento orgánico. Basicamente corresponde a alcaldesa a primeira exposición sobre a situación xeral do Concello, e o establecemento ou a indicación das liñas mestras de su acción de goberno. A continuación someterase a debate esta intervención da señora alcaldesa e os diversos grupos consumiran unha primeira, quenda na que cada voceiro disporá dun tempo de 15 minutos para a súa intervención. Estas quendas de intervención dos grupos municipais van a ser iniciados polos grupos e polos voceiros dos grupos, en orde inversa á súa importancia numérica e, polo tanto, despois da intervención da alcaldesa continuará coa súa exposición o voceiro do grupo do BNG, seguidamente a voceira do PSDG PSOE, seguidamente a voceira do partido do grupo municipal do Partido Popular. Se o solicitase algún grupo, indica o artigo 114 do noso regulamento, procederase a unha segunda quenda, dispoñendo en ese caso cada voceiro de 10 minutos. Finalizada a intervención dos portavoces, iniciárase unha quenda de réplica a cargo da alcaldesa, e finalizada dita replica, levantárase sesión. Tamén coñecen que neste tipo de Pleno sobre o estado do Concello no se adopta ningún acordo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois moi bos días a todos e a todas, aos concelleiros e concelleiras de toda esta Corporación, á veciñanza de Lugo e aos xornalistas que seguen este Pleno de debate do estado do Concello. Reunímonos hoxe para presentar o balance dun ano de acción política e xestión municipal. O primeiro para min como rexedora dende que o pasado 18 de xaneiro tomei posesión do cargo. Un debate, o de hoxe, que quero comenzar recordando que Lugo por primeira vez na súa historia alcanzou os 100.000 habitantes. Somos a 4ª cidade galega en superar esta barreira poboacional, un aspecto que ten connotacións en asuntos tan relevantes como o incremento do financiamento estatal, o asentamento empresarial ou a planificación governamental das infraestruturas, pero que, sobre todo, supón un fito demográfico,

e constata o éxito das políticas progresistas e sociais deste Goberno local. Non lles mentirei, os comezos, nunca son sinxelos, pero sempre son tremendamente ilusionantes. Eu dende o primeiro día, manteño intacta a miña de determinación de traballar por e para Lugo, de non temer a toma de decisións para garantir o bo funcionamento e solvencia deste Concello, porque iso sempre será sinónimo dunha mellora das prestacións e, en definitiva, nunha maior calidade de vida para toda a nosa veciñanza. Esa está sendo a guía do meu mandato, a escoita, fundamentalmente do criterio de recomendacións técnicas en prol dunha xestión responsable e eficiente que busca incidir positivamente no interese xeral. Nunca me atoparán, como penso que así o estou demostrando, no derroche, na adopción de medidas populistas nin na demagogia, a pesar de que, por desgraza, sería moito máis sinxelo e podería resultar moito máis agradecido a curto prazo. Porén todas e cada unha das medidas que adoptei ata o de agora, e o tempo dirá se foron acertadas ou non, buscaron redundar na eficiencia de recursos públicos, no equilibrio dos dereitos dos distintos sectores que integran a sociedade lucense e no labor leal para con eles e co resto das institucións en beneficio de todos e de todas, perdendo moitas veces de liderar o protagonismo, porque o que verdadeiramente quero non é publicidade e conseguir equipamentos: o Centro de Saúde do Sagrado Corazón, ofrecendo todas as alternativas posibles con tal de presionar para forzar e tomar decisións e que non se demore máis porque o que demanda a nosa veciñanza; tamén ao Museo da Romanización; infraestruturas como á finalización do Plan Paradai; ou vivenda rehabilitada, pero sobre todo nova, que levabamos 15 anos agardando por ela. Quero máis dotacións como estacionamento públicos e máis fondos que revertan no municipio e nos meus veciños. Quero que se salden as débedas doutras administracións que manteñen con Lugo e cos e coas lucenses. E para iso non son necesarios os focos, é necesario traballo rigoroso, tenaz, concienzudo, e silencioso, como que se levou a cabo, por exemplo, para asinar o convenio do Pazo de Dona Urraca; para avanzar na permuta das parcelas do Castiñeiro; para encamiñar a rehabilitación da Casa Torre; ou poñer á disposición o solo necesario para o desenvolvemento residencial ou para que Lugo conte cunha nova comisaría de Policía Nacional.

Todo iso, fíxoo o meu Goberno dende xaneiro, dende a máis absoluta discreción, centrado no ben común, e aí está, como tamén está dispoñible o chan para abordar e executar xa o desdoblamento da segunda fase da Duquesa de Lugo; corrixido o risco de inundacións na contorna da glorieta de Serra de Meira; asinados os convenios para recuperar dunha vez por todas e darlle funcionalidade a Fábrica da Luz; ou pechar o cinto verde de Lugo entre o Miño e o Rato, ampliando o número de zonas verdes habilitadas para uso e desfrute de todos os nosos veciños. Actuacións, todas elas, nas que foi constante e imprescindible a colaboración institucional por parte do Concello, tal como como ofrecín eu mesma o día da miña investidura, e o grao de materialización de cada un deles é o que demostra en cales esa cooperación e lealdade foi recíproca.

Porque estou segura de que os e as lucenses non queren ruído político nin crispación. Penso que non esperan iso de nós, nin tampouco o merecen. O que queren é xestión e iso está sendo o meu obxectivo. E non é sinxelo, porque

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

debemos lembrar que nos preceden catro anos durísimos, nos que a Administración local foi a primeira que empurrou para que a cidadanía sufrira o menos posible as consecuencias das crises que nos afectaron: a sanitaria, a enerxética, a económica e, por ende, tamén a crise social. Padecémolas, e non se pode esquecer, unha época na que propio Estado suprimiu as regras fiscais, entendendo que os concellos tiñamos que poder ter capacidade para facer ese esforzo e sustentar as economías dos nosos municipios. E o de Lugo, non, se, non se encolleu, precisamente. Atendemos as urxencias, pero tamén as prioridades, sen renunciar a progresar e tamén a seguir crescendo, E construír unha cidade de oportunidades para todas e todos os veciños, unha cidade respectuosa coa súa historia e co seu patrimonio, pero tamén proactiva na súa conservación, na aplicación da nova normativa, que é imperativa si, pero coa que concordamos porque ten como finalidade a mellora da saúde, da mobilidade, da concienciación cidadá en torno aos retos do presente e tamén do futuro, aos que non podemos nin debemos nunca pechar os ollos. E todo iso son investimentos, e a valentía de asumilos, de deseñar un Lugo que atenda as necesidades e as circunstancias de todos os barrios e grupos sociais, de aproveitar os recursos propios, de poñelos en valor e rendibilizalos, pero sobre todo de afrontar a realidade poñendo por bandeira a protección e coidado das persoas. Mantendo as prestacións, ampliándoas, salvagardando as súas economías con axudas directas, coa exención de taxas ou coa conxelación de todos os tributos para non cargar as familias e as empresas nun momento trágico, onde a principal prioridade era nin máis nin menos que a supervivencia, en todos os sentidos. E así o fixemos, a pesar de non poder dicir o mesmo doutras administracións que recibiron fondos, e non os executaron ou directamente devolvéronos. O Concello de Lugo estivo a carón de todos e todas as lucenses, pero evidentemente, se facemos un esforzo económico que non só implique maior gasto, senón unha menor recadación, porque pola nosa esencia socialista era o que deberíamos facer, os aforros minguan. Ese escenario é o que me toca asumir a min, agora como alcaldesa, e xa lle digo que non me vou a arredar.

Por suposto, dende a oposición e moito máis cómodo calar a boca cando toca reclamar e chamar á porta de institucións da mesma cor política para esixir que axuden, que arrimen o ombro, que acheguen os fondos que o Estado lle transferiu para axudar á poboación, contando cos concellos que somos os que mellor coñecemos as necesidades da nosa poboación. Onde estiveron vostedes todos eses meses de pandemia nos que o equipo de Goberno viña a diario ao Concello a liderar as medidas para combater e paliar absoluta soidade e as secuelas do COVID?, Na comodidade e salvagarda dos seus fogares, mantendo os salarios, iso si. Cantos folletos encheron entón das iniciativas que promoveron para que a Xunta achégase os cartos que Europa e tamén o Goberno central mobilizará para Galicia na pandemia? Porque estes concelleiros e concelleiras estábamos aquí, destinando o erario municipal ás novas necesidades que agromaron e trazaron a folla de ruta da recuperación, para que logo veñan a dicir que gastamos moito. Ou onde estiveron todos eses anos que Rajoy presidiu ao Estado para reclamarlle que sacará dun caixón, por exemplo, a estación intermodal? Por que non se

manifestaban nin comparecían con pancartas exixindo maiores conexións ferroviarias, mentres Lugo se quedaba atrás na conectividade do país?. Onde estaban vostedes entón? Saen agora intentando entregarlle cartas aos ministros dun Goberno que si que actúa, que si inviste, e que non é responsable do atraso no que nos sumiron os anteriores. Esa oposición, que tampouco agora exige que cadaquén asuma as competencias que lle son propias, senón que dispara cada vez que pode contra o tellado municipal para que sexa a cidadanía de Lugo cos orzamentos locais, en detrimento doutros proxectos propios, a que cofinancie servizos ou equipamentos que deben crear e manter outras administracións, defendendo intereses partidistas en lugar de defender aos cidadáns. Esa mesma oposición, a que se lle enche a boca criticando o funcionamento dos servizos municipais, pero que rexeita e trata de levantar en armas a veciñanza contra a actualización das taxas e tributos que permiten sostelos, despois de 12 anos estiveron conxelados. Un rexeitamento, iso sí, que só amosan alí onde son oposición, porque onde gobernan todos os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular tamén están a subir os impostos, como tivemos que facer nós, tratando de reequilibrar ese esforzo económico e fiscal que fixemos en todo ese tempo atrás para paliar dende o sector público as consecuencias da recesión vivida. Unha suba que abordei de maneira moderada e que quixesen acompañar doutras medidas conducentes a estabilizar a nosa economía municipal, asumindo os pagos pendentes e buscando unha maior eficiencia do gasto, con licitacións máis amplas ou mesmo de carácter global para tratar de acadar un aforro, ao tempo que se reduce a tramitación administrativa, tamén cunha mellor planificación contractual e orzamentaria, chegando a licitar nos primeiros tres trimestres do ano un total de 84 contratos novos por un importe de entono os 47 millóns e medio de euros, cunha maior por non dicir total austeridade no gasto discrecional, ou tratando de atopar apoios noutras administracións, como foron a Deputación Provincial ou a Confederación Hidrográfica, que neste ano sumáronse o seu esforzo ao noso para sacar adiante proxectos que son moi importantes para Lugo. Un ano, este ano 2024, no que continuamos sendo unha das administracións nas primeiras posicións en canto ao pagamento de facturas, só ata o 30 de setembro abonáronse un total de 3508, por un importe de 41.387.392 euros, e nun período medio de pago de 18 días, moi por debaixo do prazo legal establecido dun mes.

Neste exercicio incrementamos igualmente a nosa capacidade de inspección fiscal, obtendo a través desta labor un total de 1.700.305 euros.

E non é só unha cuestión de subsistencia financeira, senón para velar tamén pola xustiza fiscal, garantindo que todo o mundo tribute verdadeiramente polo que lle corresponde. Máis desde o executivo non só se exercen un labor de control, senón que continuamos a impulsar e favorecer o asentamento e consolidación de empresas a través do fondo de capital risco Lugo Transforma, ao que se levan presentado un total de 78 proxectos con interese por establecerse nesta cidade. 12 deles atópanse actualmente en análise e cun investimento materializado de 2.210.000 euros nas oito incorporacións xa efectivas que xuntas crearán en torno a 250 postos de traballo directo no municipio. Todo iso foi promovido por este Concello.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

Precisamente, o fomento do emprego é un dos principais cometidos da área de dinamización económica que lidera o concelleiro Mauricio Repetto e todo o equipo do CEI Nodus, onde se leva prestando asesoramento laboral a máis de 3000 persoas desempregadas, pese a non ter as competencias directas neste eido, pois son, como ben sabedes autonómicas. O Espazo Lab está a ser un referente para orientación laboral no noso municipio, avalado polo número de persoas que solicitan, acoden e demandan este servizo, non só derivadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, senón tamén por aquelas que reclaman asesoramento tamén de maneira voluntaria. Do cómputo global de usuarios atendidos neste último ano, máis de 300, o 59% foron mulleres, o 41% Homes, é o 21% de todas e todos eles menores de 30 anos. De aí a importancia dese Espazo Lab. En total, realizáronse máis de 500 entrevistas e itinerarios personalizados, afondando na nosa aposta pola xeración de emprego, o impulso de políticas activas coas que mellorar a situación laboral de todos os veciños e veciñas de Lugo.

Tamén foron múltiples as iniciativas que se promoveron para impulsar o crecemento empresarial. Así, neste ano 2024, nove proxectos novos se incorporaron o coworking de emprendedores, onde están a recibir servizos de coaching ou asesoramento, e outros seis pasaron a dispoñer dun local no viveiro da Tinería, contribuíndo a revitalizar tamén o barrio.

Tamén nas propias instalacións municipais de Garabolos e da Tinería atoparon o apoio colectivos como Fadas, AGE, Aelu e AdisLugo, onde contan con locais cedidos para que poidan desenvolver gratuitamente a súa actividade. O CEI Nodus foi artífice, así mesmo, este ano, de iniciativas como Emprega-T Fex, o encontro co talento, eventos dirixidos a conectarse talento local coas nosas empresas. Igualmente puxeron en marcha os obradoiros de emprego Arquiva Lugo, e Salud Lugo, opcións formativas e laborais, dado que están remuneradas, que propiciará a incorporación ao mercado de medio cento de persoas. E mesmo se outorgaron subvencións por un importe próximo aos 20.000 euros a 11 entidades sen ánimo de lucro para que promovan a contratación, sen esquecermos tamén das campañas de comercio na rúa en barrios como o centro histórico ou a Milagrosa, nas que participaron 50 establecementos, como o propio de Nadal, que nos acompañará ata o próximo día cinco de xaneiro na Praza Maior, dinamizando, como sempre, a cidade.

Quero agradecer dende aquí todo ese traballo que desenvolve o persoal do CEI Nodus, o principal captador alén dos fondos europeos que consegue este Concello, unha tarefa complexa que exige moitísimo coñecemento, tanto normativo como o da propia realidade local, para lograr que os proxectos de cidade que trazamos dende a Alcaldía encaixen cos requirimentos das diferentes convocatorias, acadando así esa inxección económica que resulta tan decisiva á hora de levarlos a cabo. Agora mesmo temos en marcha o proxecto piloto Socilibre para a creación dunha rede loxística que fomenta o consumo e a distribución sostible do produto local, cunha vertente social tamén, como é a empregabilidade das persoas pertencentes a colectivos vulnerables. Todo iso a través do FEDER, sendo Lugo quen lidera precisamente a captación de fondos con maior orzamento recibido. E saben ademais da nosa vontade de concorrer aos fondos EDIL.

A anterior liña de actuación centrouse en mellorar a conexión da cidade co río, o que nos permitiu actuar nunha contorna especialmente degradada como é o barrio do Carme. Mais nesta futura convocatoria dirixiremos o noso esforzo a conseguir financiamento para levar a cabo unha serie de melloras chamadas a transformar a zona norte de Lugo, dotándoa con espazos e servizos que permitan incrementar a calidade de vida da numerosa poboación que reside nesa zona norte, actuando no espazo urbano comprendido entre ambas marxes da avenida da Coruña, tanto no eido económico como social, baixo criterios, como non pode ser doutra maneira, de sustentabilidade urbana. Para optar a estas axudas, dende o Concello estamos a traballar neste intre na elaboración dun plan de actuación integro un PAI, a partir do Plan de acción da axenda urbana Lugo Cidade viva 2030, porque iso é o que somos, unha cidade viva e dinámica grazas á ampla rede asistencial que fomos tecendo no Concello e que contribuíu a que hoxe nos atopemos, a pesar de todo o vivido nestes últimos anos, nunha situación vantaxosa fronte a outras cidades, tal como amosan indicadores tan importantes como a evolución do emprego na última década, onde experimentamos un incremento da afiliación superior ao 11% ou un aumento da renda persoal por habitante. Porque este plan de contención que estamos levando a cabo dende o Goberno local non confronta en ningún caso coa principal premisa de seguir prestando os servizos municipais cos máximos estándares de calidade.

Xa sabemos, xa no lo demostraron na crise de 2011, que a receita da dereita para estes casos, e outra moi distinta, coa que nós, por suposto que non concordamos, porque no Partido Socialista entendemos que o benestar debe ser para todos e todas, e que os recursos públicos están precisamente para garantir a protección dos e das que menos teñen, o avance social. A verdadeira democracia construíuse así. Seguramente, a iso é ao que vostedes chaman, unha e outra vez, despilfarro, mentres que para a cidadanía son servizos e infraestruturas de utilidade. Mal que lles pese, as forzas progresistas que conformamos este Goberno local levamos anos traballando por construír unha cidade de oportunidades, que ofrezca a posibilidade de desenvolver tanto un proxecto persoal como profesional, conseguindo que Lugo sexa un destino atractivo para vivir. Lémbrolles novamente que crecemos en poboación, xa somos 101.000, e iso é froito, non do catastrofismo que vostedes advirten na xestión municipal, nin de que traten de atribuírse méritos que non lle corresponden, se non de cotas de benestar das que hoxe goza o municipio e que se acadaron con esa rede social e dotacional que tecemos dende este executivo local. Precisamente as políticas desenvolvidas nos últimos anos e o esforzo feito neste último exercicio fainos referente en ser unha cidade 8-80 con capacidade para atender as demandas e necesidades de todos os grupos de idade, especialmente daqueles máis vulnerables. Só por referirles algúns exemplos neste 2024, pese a situación económica do Concello, incrementamos moi considerablemente a consignación para o novo contrato de axuda no Fogar, no que investiremos preto de 34 millóns nos próximos cinco anos, porque precisamente o eixo sobre o que pivota a nosa xestión, como xa lle dixen, son as persoas.

Fronte á falta de compromiso que o Goberno autonómico continúa a evidenciar nesta materia, da súa competencia exclusiva, non o esquecemos, nós apostamos

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

por realizar unha enorme mobilización de recursos municipais para garantir a atención adecuada a este colectivo. Temos moi presente que na nosa cidade residen máis de 5000 persoas maiores que viven en soidade. A través do Servizo de Axuda no Fogar, realízase un traballo da atención, coidado e acompañamento que ten un valor incalculable para os e as usuarias e para todas as súas familias. Igualmente, incrementamos en máis dun 22% a partida do servizo de Xantar no Fogar, reforzando esta prestación que ten por obxecto a dispensa de comida a domicilio a aquelas persoas que por diferentes motivos físicos, económicos ou sociais non teñen garantida unha correcta manutención. O esforzo, que parte da Concellaría de Benestar Social e Maiores, que dirixe a edil Olga López Racamonde, co que se procura mellorar o coidado das e dos máis maiores do noso municipio para que poidan permanecer nos seus fogares co fin de que manteñan o seu arraigamento e o contacto coa comunidade veciñal. Queremos un tecido maior de 65 anos autónomo e activo e por iso completamos os servizos asistenciais tan esenciais como eses dous: o SAF é o Xantar no Fogar, cunha ampla oferta de dinamización sociocultural específica e mesmo co acompañamento telefónico para evitar a súa exclusión e tamén o seu illamento social. Porque para este Goberno todas as persoas contan, por iso vimos de construír tamén este ano o Consello do Maior, un novo órgano que terá carácter consultivo e asesor, co que queremos favorecer a participación activa no eido social, no eido político e tamén cultural das persoas maiores, apostando por ese envellecemento activo e pola súa integración. A súa creación responde a unha liña de acción política centrada en promover a participación activa de todas e todos. De ahí que no ano 2024 botase a andar tamén a nova Oficina municipal de mediación do voluntariado, un órgano que ten como meta dinamizar a acción social e tamén reforzar o traballo dos colectivos a nivel local. Pero, sen dúbida, se falamos de benestar, resulta imprescindible aludir a conciliación, a que promovemos dun xesto integral con accións, tanto por parte de Benestar, coas Aulas abertas, como dende a Concellaría de Muller con Aprende xogando. Dous programas nos que cada ano participan máis de 2000 crianzas entre as quendas anuais, estacionais, e de períodos non lectivos. É que no primeiro caso ten alcance no rural na procura de favorecer ademais o arraigamento da cativada con esta contorna.

Precisamente falando de parroquias, á Área de Cohesión Social e Territorial da que é titular Ana González Abelleira continúa dando pasos no plan para mellorar a cobertura do móbil no oeste do noso municipio, con afectación directa, e agardamos que inminente, para San Pedro de Mera, Santa María Alta ou Gondar, e que proximamente se estenderá tamén a Poutomillos, Bacurín, Romeán, Santa Eulalia de Bóveda, Bascuas e outros núcleos como Piñeiro, Outeiro, Camoira, Adai, Torible e Vilachá de Mera. A mellora da conectividade no rural é un compromiso esencial para este executivo, xa que queremos facilitar á veciñanza o acceso igualitario que deben garantir outras administracións aos servizos de telefonía móbil e datos, tendo en conta que esta infraestrutura permite resolver problemas que afectan tanto aos residentes como os traballadores de explotacións gandeiras, e agrícolas, ofrecendo así unha rede de telecomunicacións que apoie a actividade diaria. Pero ao mesmo tempo que se avanzou neste aspecto, se procedeu tamén a

mellora do estado da rede viaria a través de todos os mecanismos financeiros dispoñibles, como poden ser o Plan único da Deputación ou os fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cos que se abordou o acondicionamento das estradas que comunican a N-VI coa LU-2902, os núcleos de Barreiro, Faxilde e Cuíña, na parroquia de Saa; o camiño de Souto coa Garaballa de Abaixo; o núcleo de Calde e as parroquias do Veral e Orbazai; a estrada de Cacabelos, ou o camiño que vai de Mazoi a Benade, por mencionar só algúns deles.

Igualmente, neste ano procedemos á instalación de 1.400 colectores de lixo no rural e traballamos para mellorar o funcionamento dos locais veciñais. Atendemos, así mesmo, a outros factores, como a loita contra a velutina, xa que neste ano 2024 propiciamos a captura de máis de 7.000 raíñas desta especie a través dunha campaña de trampeo profesional na que contamos coa implicación veciñal para garantir a seguridade da poboación, contribuíndo na medida das posibilidades tamén ao control desta praga. Todas estas intervencións implementámolas tratando de atender as demandas que nos chegan a través dos pedáneos e das pedáneas, unha figura transcendental para nós, e ás e aos que este ano quixemos facerlles unha pequena homenaxe en recoñecemento ao seu labor e a súa entrega admirable durante moitos anos. Un agradecemento que hoxe reiteramos valorando moi positivamente o papel que desenvolven como canalizador das peticións veciñais para que o rural sexa un medio cada vez máis atractivo para asentar nel novos proxectos de vida con este mesmo obxectivo: brindar atención e axuda na procura de novas oportunidades. A concelleira de Muller e Igualdade, Ángeles Novo, aproveitou, este ano 2024, a existencia de fondos europeos para rehabilitar as catro vivendas que o Concello ofrece a mulleres vítimas de violencia de xénero. Unha reforma que redundou non só na eficiencia enerxética e no confort destes pisos, senón que nos permite proporcionarlles ás vítimas seguridade e recursos. Un espazo axeitado máis cómodo e agradable, sendo este un pilar básico xunto ao apoio e asesoramento que lles brinda para a súa recuperación á Casa da muller. Dende ela este ano se promoveu, alén o fomento da conciliación familiar, do que falaba antes, pero tamén iniciativas orientadas a defensa da igualdade, con xornadas específicas que deron visibilidade, por exemplo, aos dereitos, aos dereitos sexuais; outras que trataron de poñer en valor o papel da muller no rural, Pero tamén a Casa da Muller lidera un proxecto fermosísimo e vital para a sociedade, o programa sociocultural, socioeducativo de prevención de violencia de xénero, que ten como finalidade achegar á poboación adolescente novas ferramentas que axuden a potenciar o seu pensamento crítico e reflexivo ante as desigualdades de xénero, e de forma máis concreta ante as diversas situacións de violencia machista e as súas consecuencias. Unha carreira de fondo coa que o goberno local está totalmente comprometido, tratando de estender a súa aplicación a todos os centros educativos da cidade. Como tamén estamos co Programa de prevención de adiccións que se pon cada ano a disposición dos centros escolares e tamén de familias; un programa organizado polo Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias, integrado na Concellaría de Xuventude de Deportes, que dirixe Jorge bustos e que busca informar e, ao mesmo tempo, dotar á mocidade e o seu contorno das ferramentas necesarias para afrontar os retos asociados ás

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

adiccións e ás influencias sociais. Co obxectivo de complementalo, dende a área ofrécese tamén unha ampla programación de lecer que procura achegar a actividades atractivas en consonancia coas diferentes épocas do ano, aproveitando os recursos naturais e paisaxísticos do municipio e tamén fomentando o ocio saudable como a mellor alternativa posible. Nesa axenda, o deporte ten un especial protagonismo. Non en van, este Concello colabora con 17 escolas deportivas para promover a súa práctica entre a mocidade lucense. Cada tempada, preto de 2.000 rapaces e rapazas participan nelas, conseguindo que o deporte sexa un alicerce fundamental para o seu desenvolvemento, tanto físico como emocional, un aspecto que potenciamos poñendo á súa disposición e equipamentos gratuítos e de calidade. De feito, este ano púxose en marcha un plan dinámico de intervención nas instalacións deportivas municipais, que está permitindo abordar dentro dunha planificación semestral a conservación e mellora de todas as dependencias que utilizan gratuitamente cada ano uns cens clubs locais. A través dese plan, só nos últimos meses renováronse as canastras e as porterías do Sagrado Corazón, optimizouse o funcionamento das piscinas de Frigsa e tamén das Pedreiras con varias intervencións de carácter técnico nos sistemas hidráulicos, eléctricos e térmicos destes complexos. Realizáronse, así mesmo, pequenas actuacións no pavillón municipal, no polideportivo da Piringalla, nas dotacións das Termas e nos campos da Cheda, das Gándaras e Galegos, ademais de poñer de novo a disposición da cidadanía o pasado mes de novembro un renovado campo de fútbol na Polvoreira, que cumpre os máis altos estándares de exixencia deportiva e que permitirá ás e aos máis de 1.500 usuarios que ten esta instalación xogar en condicións óptimas de seguridade e tamén de confort. Por certo, esta actuación tamén posibilita que o CEIP das Mercedes volva facer uso habitual do recinto, que emprega tanto para as súas actividades deportivas como para as escolares as horas de recreo do alumnado. Esa é a colaboración institucional que sempre ofrecemos. Mais, se coidamos e conservamos os equipamentos locais, este ano tamén fomos quen de alcanzar un acordo co Colexio Diocesano San Lourenzo para alugar o seu campo de fútbol oito co fin de facilitarlles o uso destas instalacións aos clubs deportivos da cidade, abundando na estratexia do Concello para reforzar os recursos dispoñibles e apoiar o crecemento continuo do tecido deportivo local, un eido no que somos referentes, como tamén o somos en materia medioambiental e para quen non escatimamos nunca en investimentos. Moitos deles, máis dun millón e medio de euros nos últimos dous anos destináronse a crear ou mellorar parques infantís na cidade. O derradeiro exemplo témolo na área de xogos de Galego Tato, que experimentou unha renovación integral este verán atendendo ao compromiso do goberno local e do concelleiro de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, coa creación de espazos seguros e de lecer para o desenvolvemento das crianzas nos barrios da cidade. Avanzamos así na modernización deste tipo de instalacións, pero tamén na convivencia e na mellora de calidade de vida das zonas residenciais, grazas á súa capacidade para proporcionar oportunidades para o desenvolvemento cognitivo e físico dos nosos nenos e nenas. Tamén, neste ano 2024 entrou en funcionamento o tan demandado canil de Frigsa totalmente reformado; un lugar de ocio para as mascotas no que se renovaron todas as instalacións e tamén todos os

servizos. E, falando de novas dotacións, neste exercicio puxemos en marcha tamén a campaña piloto do contedor marrón e a súa extensión aos grandes produtores. Esta primeira fase empezou a materializarse coa instalación de 100 colectores na zona sur da cidade, debido a que a súa configuración urbanística favorece a instalación destes equipamentos, pero vimos de iniciar tamén nestas semanas a campaña de concienciación empresarial para informar os grandes xeradores da posibilidade que teñen agora para equipar as súas instalacións cun dos 400 compostadores de 360 litros, destinados exclusivamente a empresas que desexen adherirse a esta rede. En breve, colocaremos catro compostadores colectivos que irán situados en puntos estratéxicos da trama urbana de Lugo. Trátase dun incremento dos equipamentos dispoñibles que chega da man ben da nosa xestión directa, ben fornecendo os lazos de cooperación que mantemos con outras entidades coas que revalidamos os protocolos de colaboración. É o caso de Ecovidrio e Ecoembes. Con este último, Ecoembes, o Concello de Lugo vén de formalizar tamén un acordo para mellorar a recollida selectiva de residuos de envases e papel cartón na cidade. Este proxecto permitirá ampliar a dotación de contedores de reciclaxe mediante a instalación de medio centenar de novas unidades en distintas zonas do municipio, facilitando o acceso á recollida selectiva e fomentando a reciclaxe entre a cidadanía. E gustárame facer fincapé no feito de que dende o ano 2019 Lugo rexistrou un incremento significativo nesta taxa, cun aumento do 20,1% nas toneladas de envases lixeiros, un 45,73% no papel e cartón e un 4,17% no vidro. Tamén, máis de 150 establecementos hostaleiros en Lugo se adheriron á campaña Ecohostaleiros no último ano, amosando así o seu compromiso coa sustentabilidade, uns datos fantásticos que se consolidan grazas ao aumento das dotacións, pero tamén da concienciación medioambiental da cidadanía, cuxa colaboración é clave para alcanzar estes resultados positivos como reflexo dun esforzo colectivo. Precisamente, non podemos esquecer que este foi un ano cheo de recoñecementos ao bo facer de Lugo en materia medioambiental. Así, recibimos a Escoba de Platino, o máximo galardón estatal iberoamericano á xestión de residuos. A súa obtención confirma que o dimensionamento do servizo de limpeza dá os seus froitos e que esta apreciación é compartida dentro e fóra do municipio. Pero tamén nos concederon a Paxariña Azul pola excelencia da xestión nas recollidas selectiva, por reciclaxe de papel e tamén de cartón. E, por suposto, non podo negar tampouco que para min foi un orgullo poder recoller a Bandeira Verde que acredita a Lugo como un referente no desenvolvemento sostible e na loita contra o cambio climático. Debemos recordar que Lugo foi a primeira e a única das grandes cidades da comunidade galega en obter este distintivo co que se identifica aos concellos galegos máis dinámicos no eido medioambiental. En canto ao concelleiro Miguel Fernández, retoma a súa actividade, colocarámbola ambos onde corresponde, ao carón do emblema por excelencia deste Concello, o edificio Impulso Verde, ao que o mundo enteiro recoñece a súa valía, agás, como sempre, a nosa oposición. Levo xa un bo cacho enumerando os logros e facendo alusión ao traballo desenvolvido só neste último ano. Pero o máis importante, deixeiño para agora, o recoñecemento a todas e todos os funcionarios deste Concello que cada día realizan un gran traballo para que todo isto que veño a relatar sexa posible.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

Certamente, resulta moi complexo transmitir en palabras a magnitude do agradecemento que quero trasladarlles pola súa constancia, implicación e dedicación á función pública. Se algún éxito ten esta xestión é sen dúbida polo seu esforzo. E teño que dicir o tremendamente gratificante que supón poder contar co seu constante apoio. Xa o tiña como concelleira, pero, se cabe, penso que se multiplicou dende que son a alcaldesa. Polo tanto, grazas a todos e a todas, porque unha vez máis lamento, si me repito, non foi sinxelo aterrar e ter que asumir xa nas primeiras semanas a renovación de postos tan decisivos como son os dos habilitados nacionais, o interventor Luis, a secretaria Ana. Por certo, a primeira muller en ocupar este cargo no Concello de Lugo. Non puidera ter asumido todos os retos que se presentaron nestes meses, se non fose contando coa vosa axuda e coñecemento, tampouco sen os meus compañeiros e compañeiras de partido que continuaron facendo o equipo e reforzando, e que coa maior das vontades se poñen a disposición da cidadanía as 24 horas do día. Foi un ano de moitos nomeamentos, o director xeral de Urbanismo, pedra angular, como así se está demostrando, para que o Servizo de Urbanismo progrese, como está progresando. Tamén, a xefa da arquitectura, tremendamente eficaz; tamén, o novo xefe de Licenzas, a de Educación. Todos os xefes de servizo que foron tomando posesión neste último ano, sen dúbida, neste ano 2024. A Área de Persoal encomendada a Pablo Permuy, e que agardamos poida retomar o seu labor en breve, tivo un peso destacado no conxunto da actividade municipal, que se puido sacar adiante grazas á grandísima entrega da xefatura de sección, porque non só se atenderon e tramitaron os procedementos ordinarios relacionados cos recursos humanos do Concello, senón que o seu labor se orientou en tres eixes de actuacións principais: o primeiro, a análise, avaliando as necesidades de persoal en todas as áreas e servizos; o segundo eixe, a taxa de reposición, de xeito que se mantexa unha eficiencia operativa, intentando a un tempo evitar o envellecemento do cadro de persoal; en terceiro lugar, a posible orzamentación dentro dos límites legais establecidos. O Concello de Lugo, igual que o resto dos municipios, leva anos facendo fronte ás restricións significativas e os efectos negativos que sobre a calidade dos servizos e a eficiencia do sector público e o benestar das e dos empregados supuxo a Lei Montoro, e que a día de hoxe aínda están coleteando, xa que de semellante po veñen estes lodos. Non obstante, o Concello de Lugo ten como obxectivo principal neste mandato implementar pautas que axuden a desenvolver unha política de persoal e recursos humanos efectiva que non só mellore a satisfacción e o rendemento do cadro de persoal, senón que tamén fortaleza a capacidade do municipio para servir á cidadanía de maneira eficiente e equitativa. Froito deste obxectivo, está a posta en marcha de máis de 80 prazas convocadas nas ofertas de emprego público neste ano 2024, que redundarán nunha estabilización do emprego público no Concello, reducindo a temporalidade e ofrecendo contratos fixos, que contribúan á estabilidade económica e social do persoal e de todo o cadro de persoal no seu conxunto. Así mesmo, temos sempre presente no día a día a garantía dos servizos esenciais e básicos e as competencias propias que a lei lles atribúe aos municipios, e mesmo asumindo parte das que non nos corresponden sen ningún tipo de axuda por parte da

Administración autonómica, dando prioridade á cobertura dos profesionais necesarios dende o Servizo de Persoal. Esta garantía redundou no establecemento dun cadro persoal de bombeiros ao 100%, e na incorporación paulatina de efectivos na Rede de Seguridade Cidadá, con concreción na Policía Local neste último ano, asegurando así non só a protección da cidadanía, senón fortalecendo a confianza na institución municipal por parte dos veciños e veciñas nos tres eixes vertebrados na política de persoal neste mandato: a análise das necesidades existentes é a premisa clave na que o actual responsable da área, Pablo Permuy, centrou o seu traballo dende a súa incorporación, xa que a eficiencia e efectividade en materia de persoal na prestación dos servizos á comunidade depende dunha adecuada xestión dos seus recursos humanos. Así, a súa avaliación das necesidades de persoal e a unión desta avaliación cunha oferta de emprego público planificada e centrada especialmente na cobertura dos servizos esenciais e de calidade deu como froito a oferta de emprego deste exercicio, cun total de 33 prazas consensuadas coas forzas sindicais, marcada por identificar posicións críticas que poidan requirir coberturas de postos con maior inmediatez temporal, así como áreas nas que se pode mellorar a eficiencia operativa. Seguindo esta mesma folla de ruta e froito desta xestión e análise previa, totalmente necesario, xunto coa convocatoria de todas esas prazas ofertadas, estamos xa en posición, de cara a comezos, moi ao inicio do ano 25, acometer un estudo do procedemento de modificación da relación de postos de traballo do Concello, que non só vai ter unha finalidade estritamente de reorganización e racionalización dos recursos humanos existentes, senón sometidos á ordenación xeral da economía que impoña o Estado en virtude da súa competencia constitucional exclusiva, respectando os límites que impoñan os posibles incrementos retributivos das e dos empregados públicos, tentará unha adecuada retribución baseada nos conceptos de singularidade e excepcionalidade sobre a demanda de colectivos concretos do cadro de persoal, como é a Banda Municipal de Música. Abordar esta modificación é un dos obxectivos primordiais para este ano, 2025, que se aproxima, adaptándoa na medida do posible ás condicións laborais dos empregados ás necesidades existentes e mesmo ás demandas actuais da propia Administración local. Ao tempo que estamos comprometidos coa liña de traballar no día a día para avanzar e dar continuidade a unha política de recursos humanos baseada en principios de xustiza social, igualdade, benestar para todo o cadro de persoal e consenso coas forzas sindicais, de xeito que poñer o cadro de persoal e as súas necesidades no centro da mesa redunde nun impacto positivo na atención á cidadanía, mellorando a interacción desta coa Administración municipal e contribuíndo ao benestar xeral e desenvolvemento do noso municipio. Temos visión de futuro, e o meu compromiso e o do concelleiro de Persoal é dar pasos na implementación das prácticas e procedementos que invistan no desenvolvemento, capacidade, profesionalidade do cadro de persoal, onde a colaboración e a comunicación con el resulta, como temos moi claro, fundamental. Verán que deixo para o final aqueles departamentos que dependen directamente da Alcaldía, como poden ser as medidas que puxemos en marcha este ano vinculadas coa seguridade e a convivencia cidadá. Unha das primeiras decisións que adoptei como alcaldesa, apenas unha semana de tomar

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

posesión no cargo, foi a de regularizar a situación das terrazas da hostalaría, liberando moito espazo público que estaba ocupado por estes equipamentos dende a época da pandemia e poñendo novamente a disposición de toda a veciñanza. Unha materia, a ordenación e regulamentación das terrazas, na que seguimos traballando todo o ano para poder ofrecer, agardo que nos primeiros meses do ano 2025, un novo marco normativo que regule a súa pegada estética, un borrador que xa estamos ultimando e que trasladaremos ao sector e ao resto de colectivos implicados para que poida revisar e realizar as súas achegas e suxestións. A ordenación de todo este ámbito, a conciliación de todas os intereses que se reúnen ao redor deste sector, foi sen dúbida un foco de actuación constante durante os primeiros meses do meu mandato. E así, neste ano 2024, adecuamos tamén o número de festividades con ampliación de horarios de lecer nocturno, a pedimento do propio tecido veciñal. Ata ese momento, esta prolongación de apertura durante dúas horas máis estaba permitida nun total de 13 ocasións ao longo de todo o ano, que agrupaban distintas celebracións e distintos días festivos. A partir de entón, ese uso extraordinario quedou establecido na metade das citas anuais, procurando compatibilizar con esta medida a actividade económica, pero tamén o dereito ao lecer co lexítimo e necesario descanso da poboación, especialmente naquelas zonas que rexistran unha maior concentración de locais. Igualmente, reducimos o horario das discotecas situadas nas zonas residenciais desta cidade. Deste xeito, o horario xeral de peche para os establecementos abertos ao público con este tipo de licenza reduciuse en dúas horas, pasando das seis ás catro da madrugada. Hoxe, o obxectivo desta redución non era outro que o de corrixir as perturbacións derivadas desta actividade e das condutas asociadas a ela. Unha casuística que o Concello trata de combater dende a Policía Local con numerosos operativos coordinados, mesmo, con outros corpos que se saldaron nos últimos anos con máis dun cento de inspeccións e o peche de ata 17 locais conflictivos da cidade, nunha ofensiva de control sobre aqueles establecementos que xeran inseguridade e altercados, e aos que estamos vixiando de maneira permanente para atallar calquera disturbio. A preocupación pola seguridade é unha constante neste goberno local. Por iso, este ano traballamos en habilitar as ferramentas que nos permitan actuar, dende a previsión e a prevención, aprobando o Plan de emerxencias municipal, un documento elaborado polo equipo de Protección Civil que vertebra todos os protocolos de seguridade pública a nivel local. Analiza tamén os riscos de posibles emerxencias. Valora a súa consecuencia e define os protocolos da acción e a estrutura organizativa de todo o persoal implicado. Dispor del, deste Plan de emerxencias municipal, vainos permitir coordinar de xeito máis eficiente o labor de servizos como Protección Civil, Bombeiros ou Policía Local, entre eles e con persoal sanitario, corpos e forzas de seguridade do Estado implicados nas intervencións, aportando así unha maior eficiencia aos operativos e mellorando a seguridade da propia veciñanza. Tamén da man de Protección Civil, aproveitamos este ano para establecer sinerxías con outras entidades da nosa cidade, como o Centro de Formación Profesional das Mercedes, co que asinamos un convenio que inclúe a preparación dun vehículo municipal como centro de operacións para comandar unidades de actuación de distintos tipos, equipado con dispositivos

robóticos e aqueles sistemas antidrón que implementa as Mercedes dentro dos seus ciclos formativos. O obxectivo deste traballo conxunto é converter o Concello de Lugo nun referente de operatividade, logrando a mellora da formación e capacitación profesional do seu alumnado á hora de realizar funcións no mando e control de diversos sistemas non tripulados, tanto aéreos coma terrestres. Unha colaboración que estou segura que será moi frutífera e proveitosa para ambos os organismos. Quero lembrar que o Concello de Lugo xa conta na actualidade con dous drons, un aéreo e, tamén, outro subacuático, adscritos a tarefas de vixilancia, rescate e control de tráfico e tamén de eventos. A súa incorporación está a ter un impacto moi positivo en termos de seguridade na nosa cidade, como así o constatan xa durante as festas do San Froilán. Aínda en materia de seguridade, anunciamos recentemente unha batería de medidas, neste caso, encamiñadas a mellorar a competitividade dos polígonos das Gándaras e tamén do Ceao. Entre outras intervencións previstas, o Concello instalará cámaras de vixilancia no parque empresarial, acondicionará dúas rotondas de Benigno Rivera e actualizará a sinalización neste tramo, ademais de analizar a reorganización dos estacionamentos existentes e a posta en marcha de novas zonas con espazos destinados para este fin. Asemade, avanzamos na colaboración que mantemos cos colectivos para posibilitar a creación dun aparcadoiro acoutado para camións en terreos municipais do polígono das Gándaras que incrementa a salvagarda de transportistas e vehículos nas parcelas que deben facer nas paradas que deben facer nas súas rutas tan longas. E vou rematando xa esta primeira intervención, fágoo repasando parte da actividade desenvolvida neste ano pola miña área, a de Urbanismo e Proxecto de Cidade, e non podo máis que recoñecer o traballo realizado por todo o persoal, E, como dicía antes nominativamente polo seu director xeral, Hipólito Pérez, está sendo un auténtico revulsivo, na axilización de toda a tramitación, como así nos tramiten desde diversos sectores implicados. Dende a súa chegada ao Concello, tratamos, a través da delegación de competencias na súa figura, de reducir os tempos administrativos dos procedementos que se xestionan nesta área. Simplificouse o proceso para as licenzas inferiores a 300.000 euros que xa se están resolvendo sen necesidade de abordarse na Xunta de Goberno Local, permitindo incrementar o ritmo de concesión de forma considerable en expedientes como as de vivendas unifamiliares, as reformas integrais ou o acondicionamento de locais. No que levamos de ano, contabilizamos a concesión de 216 licenzas e 1.785 comunicacións previas informadas, que xeraron un volume de negocio de máis de 66 millóns e medio de euros. Igualmente, estamos a tramitar oito sectores de solo residencial e industrial, que no seu conxunto suman 714.000 metros cadrados, e que permitirán o crecemento da cidade en zonas tan importantes e con tantas posibilidades como teñen a zona da Nacional 6ª ou o CEAO. Así, nestes últimos meses, aprobamos o proxecto de urbanización do polígono 3 do URPI 2.1, unha zona industrial de nova creación, que estende a trama urbana entre as avenidas Infanta Elena e Benigno Rivera. Este novo espazo situado entre o Centro Comercial das Termas e o CEAO contará con 6.385 metros cadrados de rede viaria, 7.500 de zonas verdes e oito parcelas de solo industrial con 20.000 metros cadrados de superficie, e máis de 34.000 de edificabilidade.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

Todo este traballo de planeamento, xestión e urbanización permitirá mellorar as comunicacións da zona norte, ampliará os nosos parques e proporcionará ao tecido produtivo recursos para robustecer a nosa economía e xerar emprego. Ademais, como sinalei tamén ao inicio, combináronse os proxectos de expropiación e urbanización da segunda fase da avenida Infanta Elena, que permitirá completar o desdoblamento dunha das principais arterias da nosa cidade, e aprobouse o estudo de detalle de dúas parcelas de equipamento público no polígono industrial das Gándaras que acollerán unha gasineira, unha nova nave industrial, ambas as dúas cunha extensión de 25.000 e 12.500 metros cadrados, respectivamente. Proxectos como estes teñen un valor capital para o crecemento industrial e comercial da zona norte, e suporán un impulso a nivel económico para todo Lugo. E, desde que cheguei á Alcaldía, fixei como prioridade avanzar no desenvolvemento do planeamento. Foi unha das miñas prioridades co obxectivo de completar a trama urbana, mellorando as nosas comunicacións, ampliando as dotacións públicas e proporcionando só para loitar novos proxectos industriais, comerciais e tamén residenciais, que contribúan a dinamizar o tecido produtivo e xerar emprego. Precisamente nesa mesma liña, este ano promovemos e aprobamos un modelo xeral de estatutos e bases de actuación para o funcionamento das xuntas de compensación, unha ferramenta normativa que se porá a disposición das e dos propietarios de terreos susceptibles de desenvolvemento urbanístico, e coa que dende a Alcaldía se pretende contribuír a axilizar o procedemento administrativo que rexe a formación destas entidades e o seu funcionamento posterior. O obxectivo é favorecer e proporcionar unha maior dilixencia, a constitución das xuntas de compensación no noso termo municipal, de tal xeito que permita viabilizar a tramitación máis rápida da aprobación dos estatutos e das bases de actuación delas para que aquelas agrupacións de titulares que queiran impulsar o seu desenvolvemento poidan empregalo se así o desexan, simplificando todo o proceso. Fornecernos dun maior e mellor marco normativo axudaranos tamén para impulsar a conservación das edificacións. Por iso, tamén, neste 2024 Urbanismo iniciou a redacción dunha nova ordenanza coa que agrupar nun único texto todos aqueles aspectos que rexen o deber de manter e rehabilitar inmobles coa mirada posta, así mesmo, noutra finalidade: incrementar a protección do patrimonio arquitectónico e a capacidade da Administración local para velar pola seguridade, pero tamén polo ornato público. Estes son algúns dos asuntos nos que estivemos a traballar durante todo este ano, pero hai moitas máis actuacións que quero destacar. Comezamos o ano 24 poñendo a disposición de Adif e da Xunta os terreos de titularidade municipal que resultaban necesarios para executar o proxecto da nova estación intermodal. Unha cesión coa que reafirmamos o noso firme compromiso por este proxecto chamado a transformar a conexión da cidade nos barrios de Paradaí e As Gándaras, pero empeñados tamén en que redunde na nosa competitividade territorial. Así mesmo, vimos de acometer a reurbanización na contorna do centro integral de saúde da Residencia, unha obra de renovación e a ampliación das beirarrúas nas vías adxacentes ao complexo administrativo, que perseguíu a modernización dos espazos públicos neste punto neuráxico do barrio da Residencia. Estamos seguros de que este proxecto contribuír á mellora dos

accesos aos equipamentos da zona non só do CIS, senón tamén no transporte público, nos espazos para aparcadoiros ou nos comerciais actuais e futuros do barrio ao tempo que permite que os peóns gañen espazo e favorece a socialización. Este proxecto serviu alén para dotar a contorna dun novo sistema de iluminación pública, deseñado baixo criterios de perspectiva de xénero, baixo parámetros de máxima eficiencia enerxética tamén. Pero especialmente en materia de urbanismo, este Concello foi en 2024 eficaz e leal a partes iguais, traballando con sxiilo e discreción, procurando evitar calquera confrontación política que freara os proxectos. E así salváronse todas as diferenzas para que a día de hoxe, e dende hai xa meses, a Casa Torre conte con licenza, se asine, como dicía antes, o convenio do pazo de Dona Urraca, se avanzase, e podemos dicir chegase a acordo para permutar as parcelas do Castiñeiro e se propuxesen diferentes bolsas de solo que sustentarán o Plan de vivenda de Lugo. Sei que a mencionei ao principio, pero froito do labor conxunto e coordinado de Urbanismo, Patrimonio, Contratación e Intervención, e mesmo a Asesoría Xurídica, cedemos xa as parcelas para a construción da nova comisaría de Policía Nacional para que se atope en postos de saída. En canto se aprobe a ampliación do Plan de infraestruturas estatal, porque, como veño sostendo dende que asumín o cargo de alcaldesa, a miña man sempre estará atendida para colaborar con todas as administracións dispostas a traballar pola mellora deste edificio, con todas elas, independentemente do seu corpo. Tamén, este ano, non nos esquezamos, acadamos a delimitación para a declaración da contorna residencial de rehabilitación programada ERP, para A Milagrosa e o barrio Feixoo. O Concello cumpriu cos seus trámites previos para poder ter listo e poder concorrer así ás seguintes convocatorias de axudas que se abrirán para a rehabilitación das vivendas. Unha mágoa, que pese a pedirlo en varias ocasións ao goberno autonómico, este rexeitase sacar un novo proceso aproveitando os fondos existentes, dous do 2.540 millóns repartidos polo Estado en materia de rehabilitación residencial e vivenda social con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Galicia correspondeulle 5,84%, é dicir, 148 millóns de euros, dos que a Xunta só puxo en funcionamento 67 millóns ata este momento. Por tanto, aínda quedan moitos millóns de euros para investir, que aquí en Lugo os precisamos, porque se a Xunta habilitase unha nova liña de subvencións, diñeiro tiña para facelo, non só se lle permitiría actuar sobre as súas vivendas aos 353 propietarios veciños de Lugo que amosaron un interese por estas achegas, senón que tamén permitiría ao Concello dispoñer dunha inxección de capital para acometer proxectos municipais no espazo público daquela contorna. Pero non foi así, a Xunta decidiu non seguir abrindo liñas para favorecer os lucenses, como así lle pedimos. Fondos que trataremos acadar agora a través do EDIL, sen renunciar a seguir revitalizando outras contornas da capital que teñen para nós un peso estratéxico, unha delas na que xa temos iniciado o seu embelecemento. Teño a intención de seguir avanzando neste mandato para acadar a súa rexeneración. Unha rexeneración completa, como é o barrio do Carme para o que hoxe quero anunciar que o Concello de Lugo convocará un concurso de ideas para o ano 2025. Creemos que esta fórmula, a do concurso de ideas, representa unha oportunidade fantástica para promover a participación ao redor dun proxecto

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

que leva por obxectivo recuperar un dos puntos máis emblemáticos e senlleiros da nosa capital, transformando e impactando positivamente nos seus arredores, para rematar de poñelo en valor e abríndolle a porta ao investimento futuro. Con isto remato xa a miña primeira intervención.

Voulle dar paso a continuación os voceiros e voceiras dos tres grupos para que fagan a súa valoración. Polo tanto, ten a primeira quenda o voceiro do BNG, durante 15 minutos, como anunciou a secretaria.

D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, moitas grazas, alcaldesa, moi bo día a todas e todos. Afrontamos este debate do estado do Concello, o primeiro deste mandato nun ano especial que, como tamén facía mención a alcaldesa ao principio da súa intervención, dado que por primeira vez nos 2.000 anos de historia que ten a nosa cidade logramos pasar esa cifra simbólica dos 100.000 habitantes, unha cifra que ten que ser unha motivación para todas e todos para observar que Lugo está máis vivo que nunca, e non só podemos ver na cantidade de persoas que están empadroadas neste momento no noso municipio, senón que tamén o podemos ver nos últimos anos na tendencia que estamos a ver no récord de persoas que visitan a nosa cidade, no récord de actividades de todo tipo, sobre todo, de índole cultural, que estamos a ver, non só as promovidas pola Administración local, senón por outras administracións ou por entes privados, polo potente dinamismo económico que estamos tamén a percibir nestes últimos anos. E, por tanto, dunha cidade que, sen dúbida se está a transformar, está a camiñar cara adiante. E falamos de transformar, non tanto de construír, porque Lugo é unha cidade que xa está afeita e con moitísima historia, con moitísimos anos de historia, pero que ten diversos puntos que precisan ser conseguidos como se se tratase dunha antiga prenda, de moitísimo valor que ten que ter eses arranxos para poder deixar correcta. E falamos de coser a cidade cando poñemos exemplos diversos, como algúns que vou mencionar a continuación. Algúns proxectos que se iniciaron de forma global e que están facendo un cambio do concepto urbano que queremos, como é acadar ese proxecto da cidade dos cinco minutos. A cidade dos cinco minutos é un cambio de concepto absoluto. Durante os anos, sobre todo, 50, 60, 70, as cidades fóronse deseñando para que o espazo fose totalmente inverso do que impere o sentido común, cidades nas que os vehículos necesitaban dese espazo, eses transportes que aparecían necesitaban de espazo para cidades que tiñan vías estreitas, e que, polo tanto, progresivamente o espazo para as persoas íanse relegando. Cando falamos precisamente desta cidade dos cinco minutos, vai xustamente na liña contraria, recuperar que as persoas recuperen ese espazo para poder realmente desfrutar da súa cidade. Durante estes tempos, xa no mandato pasado e no que o inicio deste mandato, lograronse importantes avances nunha tendencia ademais que se está a levar en toda Europa. Avances como o que podemos ver a día de hoxe en Recatelo, como o que podemos ver na Milagrosa, como o que podemos ver na Piringalla, convertendo rúas, polas que antes pasaban vehículos en espazos peonís, transformando carrís innecesarios en beirarrúas moito máis amplas, humanizándoas con espazos verdes e zonas de estar.

Exemplo, esteamos por exemplo en rúa Sil, en rúa Conde ou en Aquilino Igrexa Alvariño, por poñer tres puntos diferentes, reformando espazos que si que eran utilizados pola xente no seu día que foron caendo e que agora se recuperan. Podería poñer moitos exemplos, pero hai algún simbólicos, como pode ser tamén a praza do Sagrado Corazón ou a rúa Fingoí de abaixo. Pero tamén tendo coidado iso que chamamos os barrios periurbanos, que son eses barrios que fan unha transferencia case entre urbano e rural e que están na contorna da nosa zona urbana, como poden ser Castelo, Albeiros, Galegos, As Gándaras ou A Ponte, que foron barrios nos que se mellorou moito espazo público. E con iso avanzamos nesa cidade de cinco minutos de que calquera persoa poida ter aí nese tempo ese espazo no que poder estar, ten que ser un dereito para toda a veciñanza, para poder socializar e para poder ser utilizado por todas e todos, porque ademais vouvos comentar unha cousa, algo que do que máis me gusta escoitar nestes tempos, do que máis me gustou escoitar nestes tempos é sobre todo cando unha persoa maior che di esa frase, e agora que fixestes este cambio, podo volver saír á rúa, sentarme nun banco e falar cos meus veciños. Eu creo que iso era o mellor de que a xente poida recuperar ese espazo público tan necesario como se facía antigamente. E que a cidade ou a rúa sexa para todas, todos. Ben, tamén é unha forma na que, por fin, as crianzas anos despois, como fixemos outros cando eramos nenos, poden volver saír á rúa a xogar, unha rúa que ademais se ten que converter nun espazo seguro, porque como falabamos igual que a tomaron os vehículos, a tomaron tamén con altas velocidades, e o único espazo seguro que había eran beirarrúas de 1'20 metros. Iso é precisamente o que hai que cambiar, e, por suposto, obrigado a iso, hai que facer, como dicía agora mesmo, incrementar a seguridade peonil, e isto tamén é coser esas fisuras que ten a cidade, acadar naqueles puntos onde había maior dato de perigosidade neses contornos escolares, naquelas zonas onde cruzaban habitualmente, sobre todo, persoas maiores ou nenos e nenas, lograr calmar o tráfico. E aí houbo un proxecto importante, sabendo que era un proxecto a longo prazo que ía levar anos no que concordaban dende as comunidades educativas, dende a veciñanza de diferentes barrios, dende persoas preocupadas pola seguridade da súa cidade. E por iso, dende eses anos 19, 20, 21 fíxose un investimento importante, 22, 23, agora mesmo elevar o calmado do tráfico. Eu tamén quixera lembrar que dou a benvida agora mesmo á oposición, porque naqueles momentos cuestionaban ese tipo de medidas dicindo que iso ía provocar retencións, que ía provocar atascos. Hoxe en día, creo que todo o mundo está de acordo en que as rúas teñen que ter velocidade calmada, que teñen que estar limitadas a 30 e que eses cruzamentos non poden ser, non poden ter a perigosidade que tiñan naquel momento, pero sabemos que queda moito que avanzar. Queda moitísimo por avanzar e temos que lamentar ademais o falecemento dunha persoa neste ano 2024, precisamente por un atropelo, despois de varios anos nos que se conseguía levar esa cifra a cero. Temos moito que avanzar porque, dende logo, o obxectivo que queremos acadar é que o número de atropelos da cidade se achegue a 0, sendo conscientes de que iso pode ser unha utopía, pero que debemos traballar nesa liña. Nese obxectivo, tamén quero sinalar que dende que tivemos o último Pleno do estado do municipio,

executáronse 15 novos pasos de peóns elevados. Polo tanto, pois continuamos con esa mellora da seguridade. E hai outro punto que ... , no caso de Lugo, que é poñer en valor, eu diría, o mellor que temos xunto ao noso contorno natural, que son os referentes patrimoniais. Lugo, por ser unha cidade con moitísimos anos de historia, temos dende restos arqueolóxicos do Neolítico, da Idade de Bronce, da Idade de Ferro, da chegada romana, das épocas medievais ata a actualidade, é unha cidade que ten miles e miles de anos de diferentes asentamentos ata que hai algo máis de 2000 anos se fundou como cidade. Temos a muralla completa máis antiga de todo o planeta, iso é algo que non podemos deixar de enorgullecernos dela. E se no pasado mandato conseguimos crear un espazo referencial para a nosa cidade, como é A Mosqueira. Se conseguimos rematar unha beirarrúa en todo o seu contorno, dado que antes non había con ese treito entre a Porta de Santiago e a rúa Vilalba, pois o certo é que agora temos ese ambicioso, sendo conscientes de que é difícil, ese ambicioso reto de seguir avanzando na peonalización desa Muralla única que temos en Lugo, e será logo neste mandato cando teñamos todo o estudo feito para o tramo máis ambicioso que é a fronte norte da Muralla, unha vez que temos gañado para as persoas todo o que é a fronte sur. A fronte norte ten que ser o seguinte obxectivo: o que está entre a Porta de San Fernando e Obispo Odoario, e será neste mandato, cando toda a fronte norte teña ese proxecto, ese estudo de viabilidade para poder seguir avanzando na humanización e que os peóns poidan gañar o espazo nese monumento único no mundo como é a muralla máis antiga e completa de todo o planeta. Durante este tempo tamén se fixo unha aposta importante noutro patrimonio da humanidade que atravesa o noso concello, que é o Camiño Primitivo. Fíxose unha aposta importante para mellorar o que é á súa chegada dende o Concello limítrofe de Castroverde, que é por onde chega a Lugo cambiando a súa imaxe sobre todo na contorna que está entre Castelo e As Fontiñas, onde se foi arranxando o pavimento, o seu contorno, os seus elementos que o conforman. E agora entramos nun proxecto que cremos que é moi ilusionante, e que é moi importante para Lugo, que é eliminar posiblemente un dos puntos negros do que é a nosa cidade en canto á súa estética, e en canto é sobre todo o seu patrimonio, o feísmo que hai na contorna do carril das Flores. O carril das Flores evidentemente no seu día, hai xa décadas, tivo un deseño horroroso para un lugar no que hai un Patrimonio da Humanidade actualmente, daquela non era Patrimonio da Humanidade, pero si que era xa Camiño de Santiago, e, polo tanto, entramos nun ano no que se fará, hai un proxecto de transformación dese espazo onde se levará adiante a transformación, sobre todo, dese túnel horroroso que hai na parte superior onde se xuntan realmente dous patrimonios da humanidade, o propio Camiño coa Muralla, e onde se fala tamén un cambio de estética total no que é toda esa rúa, cambiando así xa dende totalmente o Camiño de Santiago, dende o barrio de Castelo ata a propia Muralla. Pero, se falamos de patrimonio, esta cidade ten dous furados que coser, que máis que un furado son dous buracos negros que son a Tinería e o Cuartel de San Fernando. Porque eu creo que calquera persoa que traemos á nosa cidade e queremos amosar a nosa cidade cando lle damos unha volta pola Muralla, o primeiro que nos di é como está isto así?, o barrio máis antigo da nosa cidade, un dos poucos barrios do mundo que

ten tres patrimonios da humanidade. Un barrio que tivo un proxecto no seu día de rehabilitación e rehabilitación, que por certo foi premiado co premio ONU Hábitat no ano 2009, premio que se celebra en Dubai, e no cal algunhas persoas que traballaron moi intensamente nese proxecto nos ten comentado, e ademais varias persoas téñennos comentado que lembran unha anécdota que seguramente case ninguén coñeza. Cando no ano 2009, Núñez Feixoo chega á Presidencia da Xunta se atopa con aquilo, cun grupo de persoas que traballaron alí que lle trataron de explicar ao novo presidente da Xunta o que se estaba a facer, que cando levaban un pedazo explicándolles, o señor Núñez Feixoo interrompeunos, dixo non nos contedes máis que isto se vai paralizar todo. E así seguimos 16 anos despois. 16 anos despois, cando este proxecto tiña que estar rematado a súa rehabilitación completa hai 12 anos, e hoxe en día podemos ver edificios milenarios, restos arqueolóxicos rodeados por unha chapa metálica dende o ano 2009, oxidada e a medio caer, e que seguen totalmente abandonados. Igual que outro dos furados, que é o Cuartel de San Fernando, un edificio BIC que tiña o compromiso da Administración galega de ser rehabilitado, e que pasan os anos e seguimos na mesma situación, e son dúas xoias, tanto o que é o barrio da Tinería coma o Cuartel de San Fernando, dúas xoias que temos en abandono no noso concello. Dende logo que urxe que eses dous furados negros se cosan dunha vez. Neste 2024, levamos adiante, tamén, a modificación da ordenanza de taxis que vai permitir algo que non hai practicamente en ningún concello. É que nun concello como Lugo, sería importantísimo que é poder levar o transporte urbano a todo o municipio con ese servizo de transporte que demanda a zona rural. Podía ter sido aprobada no mes de setembro esta ordenanza, que é o primeiro paso. Lamentablemente, o Partido Popular presentou varias alegacións en contra totalmente do sector do taxi, como así nolo trasladou o sector do taxi de forma unánime, que está provocando ese atraso que tería sido innecesario e que o único que fai é atrasar un servizo que a veciñanza do rural leva tempo solicitando. Neste tempo seguimos, logo, a promover a Praza de Abastos, mellorando as instalacións, seguindo coas campañas de promoción do produto de proximidade e do comercio local, tratando de cubrir o maior número de postos posibles, enchéndoa de actividades; levando excursións de colexios para que coñezan eses espazos, dándolle un gran valor ás novas xeracións da nosa forma de vender máis tradicional, algo que se debe conservar no tempo e que creo que posiblemente nos vindeiros anos se poña en valor. E continuamos pois con grandes retos da programación cultural que temos en Lugo. Lugo a día de hoxe é probablemente o Concello de 100.000 habitantes con maior actividade cultural, se sumamos a actividade pública coa actividade de iniciativa privada, e traemos a nivel municipal catro edificios: o Vello Cárcere, o MIHL, o Auditorio Gustavo Freire e sumámoslle o Auditorio Fuxan os Ventos, no cal teremos un reto moi importante nestes anos para seguir enchendo Lugo de cultura e seguir enchendo Lugo de actividade. E continuarei na seguinte rolda. Grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS  
FONDO: Moitas grazas. Primeira quenda para a voceira do Partido Socialista.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Iso, moi bo día. Como acaba de relatar de forma pormenorizada, señora alcaldesa, este ano foi sen dúbida un ano que Lugo avanzou moito en todos e cada un dos eixos estratéxicos que marcarán o noso futuro como municipio, e non é algo que afirme gratuitamente neste salón de plenos mal que lles pese a algúns e algunhas. Trátase dunha realidade palpable, cuantificable, que os lucenses e as lucenses podemos percibir na rúa, no noso día a día. E todo isto a pesar que dende a bancada da oposición se empecinen en negar o evidente, esforzándose en ocasións ata rozando o ridículo, intentar mostrar unha imaxe distorsionada da nosa realidade que só satisfai os seus intereses particulares e que non lle fai ningún ben nin a Lugo nin aos lucenses e ás lucenses. Pero moleste a quen lle moleste, Lugo é hoxe un municipio onde a veciñanza goza dunha maior calidade de vida que fai un ano, e o que é máis importante que, grazas a todo o traballo e ao que queda por facer por parte deste goberno nos últimos 11 meses, estamos en condición de afirmar que dentro dun ano será un municipio aínda mellor. Crecemos en poboación, crecemos en emprego, dispoñemos de mellores servizos e vivimos nunha cidade máis moderna, máis segura, máis coidada e mellor planificada para as persoas. Lugo é hoxe máis ca nunca o gran referente económico, social e cultural da nosa provincia. Non os vou enganar, poder afirmar isto como voceira do grupo municipal do Partido Socialista prodúceme gran satisfacción. Síntome orgullosa do traballo levado a cabo por cada un dos compañeiros e compañeiras deste goberno, traballo que, por outra banda, non estivo exento de dificultades, dificultades propiciadas xeralmente polo estado de crispación que algúns e algunhas se esforzan en trasladar desde eses sillóns ao noso municipio e mesmo a este salón de plenos, con todo o que iso supón para a convivencia. Esta constatable falta de colaboración por parte da oposición, que lonxe de intentar sumar sempre, sempre resta, hai que engadir as consecuencias económicas de superar a pandemia e que alteraron a situación das arcas municipais aínda así durante este exercicio de goberno. Unha herdanza que afortunadamente nos atopamos en disposición de superar, esquécenos cada vez con maior frecuencia, pero non debemos obviar que fai moi pouco tempo enfrontámonos á peor crise sanitaria da historia contemporánea. É que para superala foi necesario realizar un enorme esforzo por parte desta Administración local e deste goberno. Implicámonos, tanto a nivel social como económico para poñer a disposición de todos os veciños e das veciñas as ferramentas necesarias para evitar o bloqueo da nosa economía local, algo que, por certo, logramos única e exclusivamente con recursos propios, porque dos máis de 2.000 millóns de euros do Goberno do Estado trasladou á Xunta de Galicia, a Lugo non lle deu nin un só euro neses plans de continxencia que debería haber feito. Pero a pesar de todo este esforzo de esforzo, a nosa acción política non se detivo, ao contrario, estamos inmersos nese proceso ilusionante de transformación no noso centro histórico que moi pronto levará esta cidade a outro nivel dende o punto de vista estético, funcional, comercial e de conservación, poñendo en valor o noso patrimonio histórico e artístico. Esas obras do Corazón Verde, ás que vostedes cualificaron incluso de que era un simple cambio de pavimento, cambiarán para sempre o punto

neurálxico do Lugo. Non teñan a menor dúbida, e non só iso, este proxecto, ao que vostedes chamaban de cambio de pavimento, que tanto criticaron, renováronse quilómetros de canalizacións e de servizos nunha zona complicadísima, como todos e todas coñecen dende o punto de vista arqueolóxico, e que actualmente vai permitir ofrecer aos establecementos, a usuarios e usuarias e residentes do centro unha subministración á altura, cumprindo os estándares do século XXI. Como saben, tamén nestes anos levamos a cabo a cesión dos terreos, como xa a mencionou a alcaldesa da Policía Nacional no barrio da Abella, cumprindo así o compromiso de dotar este barrio deste equipamento. Por certo, outra iniciativa que tamén tentaron boicotear por terra, mar e aire. De feito, chegaron a asegurar que os terreos xa aceptados polo ministerio non servían para nada, e contradicindo incluso o propio Goberno de España. E todo iso mentres tentaban convencer os lucenses e as lucenses que o edificio de Obras Públicas situado na rolda da Muralla estaba situado na residencia. Dende logo, proposta desbotada de inmediato polos técnicos e as técnicas a Policía Nacional. Sobra dicir que este traballo se conseguiu grazas á discreción e á continua colaboración das distintas administracións implicadas e ao traballo da señora alcaldesa, e, e xa está a ter repercusións moi favorables para o noso Concello, porque vai repercutir nun barrio no que estaba asinada esta construción. Ademais, vai favorecer, tamén, en termos de seguridade e atención cidadá. Nesta liña, falando de convivencia, xa o temos mencionado, cuestións importantes para a convivencia moi demandados polos veciños e veciñas, e ás que xa se referiu a señora alcaldesa, regularizouse xa a situación das terrazas froito de moitas e moitas reunións con asociacións, colectivos e representación dos diversos sectores. Avanzouse na regulación dos horarios de hostalería, algo que xa está a ter un impacto moi favorable sobre a calidade de vida dos veciños e veciñas das zonas afectadas. E tamén, por suposto, grazas ao traballo da Policía Local e Nacional, que está tentando, xunto coa acción de goberno, poñer couto a esas actividades que tan molestas son, sobre todo, hoxe na zona norte da cidade. E, falando de zona norte, adiántolles que para o ano 2025 vai ser unha zona que terá un especial protagonismo de acción política deste Concello, e sobre todo nesa avenida da Coruña, o barrio Feixoo, o barrio da Milagrosa, entre outros, porque os barrios si son importantes para nós. Traballo, por certo, no que tampouco atopamos a súa colaboración, pero pronto se traducirá, como lles avanzaba, nese traballo do Concello de Lugo neses barrios tan importantes para o noso Concello para o noso municipio. Referíndonos aos polígonos industriais que tamén se falou aquí, estanse dotando desas cámaras de seguridade necesarias e realizando melloras nos aparcadoiros para dinamizar esas zonas de valor estratéxico que xeran emprego e son moteres industriais e comerciais deste municipio. Pero seguiremos traballando como goberno en exixirlle á Xunta de Galicia que cumpra coa súa, que cumpra coas súas competencias e e que inclúa no Plan sectorial do polígono das Gándaras a creación dese acceso necesario de comunicación coa A-6, e que impulse a posta en marcha da escola infantil para atender as necesidades de conciliación das persoas traballadoras destas destas zonas. E, como digo, este ano foi sen dúbida o ano dos avances e dos fitos alcanzados, como foi esa apertura do novo auditorio, de Lugo, inauguración do Fuxan os Ventos. Marcou tamén, fai tan só uns días, un

momento histórico para Lugo, unha cidade que sempre defende e defenderá a cultura como parte esencial da súa identidade. Contará a partir de agora con ese espazo que leva o nome elixido pola veciñanza a través dese proceso participativo exemplar, e que simboliza o compromiso coa nosa lingua, coa nosa música e co noso talento local. E isto saíu grazas ao moito traballo dos distintos departamentos municipais implicados e cun importante investimento por parte deste goberno local para emendar as numerosas deficiencias que presentaba o edificio á súa entrega. Logrouse esa apertura histórica, aínda que non faltase quen ata o último segundo intentará impedila. O éxito foi rotundo, e o programa inaugural tivo unha posta en escena, unha calidade artística e unha aceptación moi grande por parte dos veciños e das veciñas. E ese é o reflexo do que queremos para Lugo un Concello vivo, vibrante, aberto, orgulloso de si, do seu pasado e do seu futuro. Este é o punto de partida do futuro de Lugo, onde a súa cultura seguirá sendo ese motor de progreso para Lugo. É un orgullo para todos os lucenses e as lucenses. E, se algo caracteriza a nosa xestión é sen dúbida que as persoas son o centro de atención de todas as nosas políticas. Por iso neste tempo licitáronse e adxudicáronse contratos importantísimos de escudo social, fundamentais para a veciñanza, como son o servizo de axuda no fogar, o xantar no fogar, nos que se investirán preto de 34 millóns de euros nos próximos anos. E aquí fago un inciso porque é realmente preocupante que o Concello teña que seguir destinando máis de 13 millóns de euros, 13 millóns de euros ao ano para asumir competencias impropias cuxa responsabilidade é exclusivamente da Xunta de Galicia, que goberna o Partido Popular. Esta Administración local ten a capacidade de coñecer de preto as necesidades de todos os cidadáns e cidadás, de escoitar as súas inquedanzas e de actuar en consecuencia. E é lamentable que a Administración autonómica non estea á altura deixando a moitos veciños e veciñas nunha situación de gran vulnerabilidade. Con todo, non caeremos no desánimo e seguiremos exixindo á Xunta que cumpra co seu deber, mentres, claro, o Concello segue dando respostas á veciñanza. Aprobouse tamén o Plan de emerxencias, algo interesantísimo, que vai preservar a seguridade ante calquera eventualidade, permitindo tamén coordinar os servizos de policía, protección civil e de bombeiros, que, dito de paso, en política de recursos humanos tamén viron reforzados os servizos tanto con recursos técnicos como humanos. E culminouse coa renovación de toda a frota de luz en Lugo, coa incorporación do 100% de vehículos eléctricos e, de feito, tamén mencionados aquí. Por ese bo traballo recibimos os galardóns da calidade: a excelencia, a xestión de residuos, a paxarela azul, a escoba de platino e a bandeira verde. Licitouse tamén o contrato de limpeza de instalacións por máis de dous millóns ao ano, traballo que redunda todo nun Concello limpo que aposta pola reciclaxe e que ademais é respectuoso co medio ambiente. Recentemente, algo moi demandado e do que nos sentimos tamén moi ledos, cun orzamento de 423.500 euros, temos o contrato de atención ás avarías da rede municipal de augas, servizo moi necesario, moi demandado e que optimizará o mantemento destas infraestruturas. Con todo, no contexto actual, enfrontámonos a un desafío moi significativo, que é o encarecemento dos servizos debido á crise de prezos que estamos a vivir. E é fundamental que como Concello busquemos formas de

equilibrar esas contas municipais, porque temos que garantir e ofrecer servizos de calidades sen comprometer a sustentabilidade financeira. Necesitamos asegurar que cada euro que se gasta se inviste de maneira eficiente e efectiva. Isto implica non só optimizar os recursos, senón actualizar os tributos para que a suba de prezos non poña en risco a calidade de servizos dos que gozamos neste momento. Lugo segue avanzando economicamente a un crecemento próximo ao tres por cento, por iso estanse a facer ben as cousas. Relatados os fitos máis importantes, tampouco nos podemos esquecer, como relatou a alcaldesa, da Intermodal e grazas ao traballo feito e despois de conseguir que saíra do caixón no que o PP meteu este proxecto, conseguimos esas infraestruturas que transformarán a cidade tamén aos barrios do Sagrado Corazón e As Gándaras, ademais de darnos esa conectividade. En conclusión, está a consolidarse como un lugar onde a calidade de vida, a mellora, onde os servizos son máis eficientes e onde as políticas sociais, a cultura e o desenvolvemento económico e rural están nos centros das nosas políticas. Cada un destes logros é o resultado dun traballo conxunto. E é certo que tivemos que lidar cunha oposición que non sumou. Apostou pola difamación e o boicot permanente, pero iso non fixo máis que aumentar a nosa tenacidade de alcanzar os obxectivos fixados, cohesionarnos aínda máis como goberno e fortalecer a nosa determinación de traballo por Lugo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra a voceira do Grupo Popular, señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas. Moi bo día a todos e todas. Comeza hoxe sen dúbida un pleno moi importante para dar conta do traballo feito por parte do goberno, tamén, para dar conta do traballo feito por parte da oposición e, por suposto, para explicar as liñas estratéxicas de futuro. A señora alcaldesa esforzouse en puntualizar no seu último ano, aínda que tiña a obriga de recordarlle que tanto ela coma o tenente da alcaldesa levan con responsabilidades de goberno nesta cidade moi importantes, dende o ano 2019. O señor Arroxo moi pegado ao mesmo discurso que fixo no debate do estado da cidade do 22, daquela facía fincapé no interese de facer un mínimo de 10.000 pasos diarios; neste caso era a cidade dos cinco minutos, e poñéndolle máis entusiasmo a ser sincera e honesta que o vídeo que presentan en FITUR da campaña promocional, pero dende logo con moi pouca ambición na xestión desta cidade. E á señora alcaldesa, teño que empezar dicindo que comeza mal, comeza vulnerando un dereito fundamental protexido na Constitución e o artigo 23, facendo coincidir intencionadamente dous plenos e impedindo que dous compañeiros desta corporación, probable un non lle interesa moito que estea. A nós no que lle afecta por suposto que nos gustaría que nos acompañase, e sendo motivo para poder recorrer en amparo o artigo 23 da Constitución española, e hai sentenzas que o desenvolven. Di que a participación política está protexida como un dereito fundamental. Empeñouse vostede retorcendo o Pleno ordinario sen causa xustificada, trasladándoo para o día 30, fíxose trasladar ao Pleno da Deputación nunha actitude, se me permite, ata un punto caprichosa para poder poñelo no mesmo día que acabou poñendo tamén

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

vostede o debate do estado da autonomía a poucas horas do día dos Santos Inocentes. Podía parecer unha inocentada, pero non. Como xurista, vostede sabe que é un dereito fundamental e que está protexido na Constitución, e que, se o problema é unha falta de entendemento co edil, que tamén tivo que ausentarse, dígolle que, por favor, o corrixa e que non traslade os problemas internos ao funcionamento desta corporación. É susceptible de recurso en amparo. Empeza vostede dunha maneira moi incorrecta, e non é o único incumprimento que fai. Incumpre tamén vostede a presentación dos orzamentos. Sería coherente, sería responsable e sería comprometido que antes de facer o debate do estado e cumprindo a Lei de facendas locais, esta corporación coñécese os seus orzamentos. Creo que son dúas razóns o suficientemente de peso como para facerlle un importante tirón de orellas. E, insisto, como xurista, recordarlle as obrigas e os dereitos que temos, e que evidentemente a oposición ten que ser respectada, porque non así vostede, que non encabezou ningunha lista, está sendo alcaldesa porque o resto de concelleiros, e así o elixiron lexitimamente que nosoutros respectamos, pero a participación política é un dereito fundamental. Vou intentar ser o máis concreta posible na nosa proposta. E por qué digo que este foi un mal ano para a cidade de Lugo, e por qué digo que vostedes son un mal goberno. E vou analizar cinco ítems que me parecen clave para poder dicir se vostedes o están facendo ben ou vostedes o están facendo mal. Vou analizar a transparencia, a responsabilidade, a rendición de contas, a participación da veciñanza e da oposición e a capacidade de dar resposta aos cidadáns. Creo que son cinco análises importantes e que lle preocupan á cidadanía lucense. A transparencia, que tamén é unha parte dese dereito fundamental do artigo 23 é unha das asignaturas que vostedes suspenden. Ambos os dous seguimos esperando polas contas do San Froilán, foron pedidas ata cinco veces, tivemos que acudir á valedora do pobo, non son transparentes na contratación dos contratos menores, a última publicación ao primeiro trimestre do 24, onde por certo se esforzaron en menos de catro meses. Adxudicáronse con ese proceso máis de 1,3 millóns de euros. Non foron transparentes cos veciños, por exemplo, en proxectos tan importantes como a fábrica ou a planta de biometano que se pretende instalar en Coeses. Coñecían o proxecto dende o ano 21. Ambos os gobernos déronlle informe. Protestan vostedes porque a consideramos iniciativa prioritaria. Prioritaria considerárona vostedes, que lle deron o primeiro informe en menos de dous meses. Agora, darei os datos das licenzas e deses brotes verdes do que vostede presume, porque sigo dicindo que os debates en política só se gañan con datos e con argumentos. Non foron transparentes nas obras do centro, e aí estamos aínda con prórrogas interminables e tendo que ser, ao final, a presión veciñal. E, tamén hai que dicilo, deste grupo. De feito, foi o primeiro pleno extraordinario que presentou e tiveron que ser recollidas a modo de modificado, obviamente un falso modificado, e tampouco foron transparentes para dar explicacións do que pasaba en algo tan sensible como a atención aos nenos e nenas na comparecencia de Gregorio Sanz votando en contra dela. Se non teñen nada que esconder, a que temen? Outro dos parámetros importantes para saber se o fixeron ben ou mal é a responsabilidade. Curiosamente, tiveron que escoitar que o señor Arroxo pedía máis investimentos para

A Tinería. Este Pleno ademais votou co apoio do Partido Socialista que a cantidade económica consignada nos orzamentos da Xunta para as obras da ronda Leste se destinará á Tinería, pero aquí fareille entrega a emenda que presentou o seu grupo no Parlamento, derivando eses 12 millóns ás estradas na provincia de Pontevedra. Iso é un claro exemplo, precisamente, da demagogia e das mentiras que nos intentan contar. Pero evidentemente onde hai papeis calan barbas, pero probablemente hai tres ítems no que atinxe á enorme irresponsabilidade. E aquí diríxome fundamentalmente á señora alcaldesa nas áreas quen levou dende o ano 2019. Economía, todos sabemos que tivo que xustificar que vai facer un plan de aforro porque a ela non a verán no derroche. Parece que ás anteriores si, pero realmente levaba a Economía. Recursos Humanos, que parece que leva un ano estudando as necesidades, quedo absolutamente abraiada cando levaba as áreas dende o ano 19, resulta que aínda non sabía o que se necesitaba, pero hai dous fitos tamén cos seus correspondentes papeis, que me parecen dunha gravidade enorme porque nin deron explicacións e, o máis importante, no ámbito humano, nin pediron desculpas. As dúas sentenzas que perdeu este Concello. Ambas as dúas, é ademais condenada en custas por dúas accións que asina a que hoxe é a alcaldesa, por aquel entón a tenenta de alcaldesa delegada de Gobernanza e Recursos Humanos, señora Paula Alvarelos. Removen dun posto a unha funcionaria, son condenados incluso en custas, cos trastornos que provocou na Área de Recursos Humanos, e, insisto, nin asumiu responsabilidades nin pediu desculpas. Pero se cadra aínda tan grave é impedir a toma de posesión dunha funcionaria cuestionando a súa condición de funcionaria, tamén, por suposto, foi condenada en custas. E que agora define vostede como unha funcionaria tremendamente eficaz. E eu preguntolle, señora alcaldesa, vai asumir responsabilidades ou pedir desculpas por impedir que unha funcionaria tremendamente eficaz puidese traballar ao Servizo de Urbanismo e ao servizo de Lugo e a favor dos proxectos de Lugo dende o ano 21? Nin desculpas nin explicacións, pero tampouco o deron coas traballadoras do 010. E aquí, certamente, pois aínda dá máis pena, persoas que foron readmitidas porque tiñan unha sentenza, e despedidas ao día seguinte con ese afán privatizador e intentando continuar co servizo contratando unha empresa. Creo que tamén son un mal goberno, porque non renden contas. Os informes de Intervención son absolutamente demoledores. Reincido en enumeralos porque nunca dan ningunha aclaración, nunca cumpren o que alí lles mandan, e o que si fan é contarnos contos. Eses informes falan de incumprimentos, debilidades, deficiencias e de erros que pasan literalmente por riba. Vou utilizar unha frase coloquial que podía ser mal soante. Non explican o que fixeron cos 52 millóns de euros de remanentes de Tesouraría. Empéñase en dicir que ían as axudas do COVID-cando non chegaron nin a cinco millóns, pero si co COVID non cumpriron os compromisos que asumiron, que quedaron en devolver as taxas das terrazas e levan buscando a fórmula xurídica dous anos. É tan grave os incumprimentos normativos que xa empezan ata desconfiar vostedes de vosoutros mesmos. De feito, tampouco deu ningunha aclaración nin ningunha explicación desa ausencia do tempo estritamente necesario para que o señor Arroxo puidera asinar un levantamento dun reparo de 182.000

euros que apuntemos. Advertía fraccionamentos irregulares incumprindo a Lei de contratos do servizo público, que non constaba procedementos de licitación ou que se excedían os límites cuantitativos ou temporais dos contratos menores, contratos prorrogados tacitamente ou unha vez rematados, carecendo de cobertura xurídica e incumprindo os artigos 29.2 e o artigo 1.1 da Lei do contrato de seguro ou a omisión do procedemento de licitación. Deus!, eu que participei na comisión de investigación, se escoita todo isto a señora Pontón, de facto césao inmediatamente señor Arroxo. Tampouco deron explicación polas caldas. Explican que a zona de baixas emisións, mal chamada porque xa o era do centro histórico, é para mellorar a saúde dos lucenses. Pero, porén, poñen en perigo cuns parámetros de leixonela que ninguén explicou, que ninguén asumiu responsabilidades, e que, efectivamente, afectaban a saúde humana. Ben, é certo que, como é un proxecto con moi pouco interese e con moi pouca participación, foron poucos os que puideron poñer en perigo a súa saúde, pero tampouco aproban en participación. Creo que escoitar é clave para acertar. Sen dúbida, non alcanzan tampouco o aprobado. Non houbo ningunha participación nas obras do centro, xa o expliquei. Non houbo ningunha escoita na localización que propoñen á alternativa para o centro de saúde do Sagrado Corazón. Non gusta, por suposto, á veciñanza, nin tampouco houbo escoita nin á Policía Nacional nin aos veciños do barrio da Residencia, porque aínda llo recordaron recentemente, pídenlle que se esforce e que dea máis base territorial para non ter que facer unha comisaría en altura. Non houbo planificación no deseño do itinerario do carril bici, que aínda seguimos sufrindo, nin tampouco houbo ningunha escoita na proposta que fai para o aparcadoiro das Fontiñas. Francamente é un erro, nin da fugaz praia fluvial, que tampouco é a localización idónea, nin tampouco da regulación da mobilidade da cidade. Señor Arroxo, eu creo que é máis importante reunirse coa xente que non cos seus propios asesores, porque indubidablemente sigue habendo uns enormes problemas de mobilidade na cidade que vostede non é quen de arranxar. Ben, xa botarlle a culpa de non ter o taxi a demanda ao Partido Popular, é que certamente máis do 60% da súa intervención dedicárona facerlle oposición á oposición, e así indubidablemente a cidade non avanza, e non teñen capacidade de dar resposta ás necesidades dos cidadáns. Os proxectos que vostedes identifican como prioritarios non o son para a veciñanza, seguen sen eliminar tapóns. Iso si que é un bo problema de mobilidade, e non por falta de financiamento, porque de feito tiñan na relación de investimentos aprobados nos orzamentos do 24 unha partida que non executaron. Seguen sen dar resposta a unhas instalacións dignas para a Protectora, e seguen empeñados en coidalos máis de mortos que de vivos. Seguen sen arranxar a lentitude burocrática para investir na cidade, e voulle dar un dato, insisto, os debates só se ganan así con datos ou con argumentos. O tempo de resposta medio de otorgar licenza na cidade empeorou respecto ao ano 2023 pasando dos 12 meses, pero onde, certamente, empeorou e de xeito alarmante foi no rural. De feito, seguen esperando dous anos para ter unha licenza, e das 105 outorgadas no 23, estamos en 32 no ano 24, iso francamente non é para sentirse orgulloso. Seguen sen dar resposta ás instalacións deportivas. Nada sabemos da licitación do proxecto iso que tiñan un enorme apoio de todas as institucións para

colaborar no seu financiamento, non son capaces nin de licitar a redacción do proxecto. Iso que o prometeron antes de que rematara o ano, pero é que hai nin comen nin deixan, porque nin son capaces de construír unha nova infraestrutura deportiva nin tampouco queren acollerse ao que outros concellos de toda Galicia o aplaudiron e poder chegar a acordos para poder usar as instalacións das que dispón a Consellería de Educación. Non chegan de acordo coa Consellería Educación evidentemente porque están constantemente empeñados, empeñados en enfrontarse á Administración autonómica, pero tampouco cos seus, porque unha vez que soubemos quen era o padre do local das Gándaras e sendo unha cousa do máis sinxelo que calquera concello ata Oural é capaz de ter unha cesión en precario, unha cesión de uso, seguimos sen ter regularizada esa que vostede, o señor Mauri, foron alí dicir que era da Xunta, nin sequera tomaran o rigor de saber de quen era a propiedade do espazo. Segue sen abastecemento o rural e aínda temos na nosa memoria, que é polo que tampouco pediu desculpas, ese exemplo de que pedir abastecemento en Esperante era igual que pedir un aeroporto, absolutamente insultante. Un servizo deficiente na cidade, o Sagrado Corazón estivo a piques de estar sen el, na propia noite de Noite Boa, sen arranxar os problemas de presión no Ceao, e aquí xa llo dixen o día que o trouxemos ao Pleno, realmente dormen tranquilos con ese informe que teñen no caixón. Seguen seguen sen un contrato de mantemento nos parques infantís co perigo que iso supón. Seguen sen unha promoción turística máis alá da intervención da primeira quenda do señor Arroxo. Sen aparcadoiros disuasorios na cidade, sen un plan de mantemento dos colexios que son da súa competencia, e seguimos sen ter realmente un plan de rehabilitación para A Milagrosa, Barrio Feixoo. Faime graza que cando presentan fóra de prazo, e fan os traballos tarde, mal e arrastro, din que a solución é ampliar, que hai que sacar outra convocatoria á Xunta, cando hai contestación por escrito do ministerio, que nin hai máis prazos nin hai máis fondos para esta convocatoria, e terán tamén que dar explicacións. E eu, dende logo, pídolle responsabilidades. Cando hai un problema pois agora parece que van para o Carme convocar un concurso de ideas e mira que lle fixemos varias propostas, que temos un compañeiro ben comprometido con este barrio con tantas posibilidades, seguen sendo o matrimonio de conveniencia. O único que lles interesa é que o PP non goberna, aínda que gañase claramente as eleccións, o BNG, que ía facer sorpasso, ía ser o alcalde. Ao día seguinte colleuse ou pedaciño de torta e meteuse debaixo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Quenda para a segunda quenda. Segunda quenda para o voceiro do BNG.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, señora Candia, se durante unha intervención de 15 minutos mencionara o Partido Popular unha vez ao respecto do taxi a demanda, das alegacións do taxi, a demanda é dedicarlle o 60% da intervención ao Partido Popular. Eu diría que é ter unha mala percepción da realidade. Entón igual todo o discurso dado tamén está baseado nunha mala

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

interpretación da realidade, porque ademais foi un dato obxectivo, que os propios taxistas estaban descontentos con esa situación, que se presentaron unhas alegacións que coas que eles mesmos están en contra, é que iso atrasa un proceso que podía estar xa moito máis avanzado. En fin, hai outro punto que eu, a ver, eu creo que xa era hora de desmentir as cousas, perdón, pero é que xa está ben de seguir co bulo ese, que non se poden acceder ás contas do San Froilán. O Partido Popular xa recibiu un informe técnico que pode acceder ás contas cando queira, cando queira. O que quere o Partido Popular, nun informe ad doc, supoño que un excel onde se lle marque exactamente o que queren, e que llo faga a Concellaría de Cultura, pero pode acceder cando queira ás contas, pero non quere, non querer facer o seu traballo. Teñen un informe técnico, e sábeno. Entón, por favor, deixen ese bulo xa, porque xa o recibiron hai tempo, hai cousas que hai que dicir a verdade, e non se pode estar sempre co mesmo bulo pois por unha cuestión simplemente partidista, como é este caso. Entón, sexamos serios, sexamos rigorosos, e fagamos as cousas, pois minimamente ben, que é bo para a cidade. Falaba precisamente antes antes de que se me esgotara o tempo e quixera un pouco continuar con ese punto, que é outro dos grandes retos que evidentemente temos nunha cidade como Lugo, porque Lugo, comentaba, é certo, hai poucas cidades de 100.000 habitantes que teñan tantísimas iniciativas culturais, tanto de índole pública como privada, e calquera persoa que entren en las diferentes axendas culturais que se poden ver mesmamente a que crea a propia Concellaría de Cultura semanalmente, pois pode ver a gran cantidade de eventos e diarios que se poden observar, e iso, dende logo, pois é un reto que se está a valorar fóra da nosa cidade. Estase a avaliar fóra da nosa cidade, e hai poucos días, de feito, había aquí unha visita dunha cidade portuguesa como é Guimaraes. Unha cidade que ademais non é unha cidade calquera, foi no 2012 Cidade Europea da Cultura. Unha cidade que ten unha gran tradición na xestión cultural do seu municipio, e, realmente, fixéronse na programación cultural que tiña Lugo, da grande actividade. E ante iso é importante poñer sobre a mesa que este é un dos retos que temos que poñer en valor tamén no futuro. Pero eu creo que hai algo, falaba tamén na intervención anterior de retos, que debemos levar a cabo, que hai algo que non podemos deixar atrás, e que creo que ademais aquí si que creo que debemos actuar cunha unidade seria, cunha unidade leal, cunha unidade na que poidamos fuxir de demagoxias, cunha unidade na que poidamos fuxir de partidismos, porque realmente son cuestións que son o futuro de Lugo, e son dúas cuestións. Falaba antes do patrimonio, do patrimonio que temos na cidade, imaxinémonos por un momento: a Tinería, totalmente rehabilitada, ao Cuartel de San Fernando totalmente rehabilitado funcionando como museo, a cidade cambia totalmente de concepto, totalmente. Poder traer a xente a Lugo, paseala pola Muralla e poderlle ensinar unha cidade que ten o seu barrio máis antigo totalmente rehabilitado. É outro concepto totalmente diferente, e iso sabémolo todas e todos. Entón, eu creo que aquí si que debemos fuxir de partidismos, demagoxias, de deslealdade, e debemos actuar con orgullo por Lugo e con responsabilidade por Lugo para levar iso adiante. E outra cuestión na que tamén debemos, eu creo, que buscar a máxima unidade e consenso e avanzar no posible é o tema das comunicacións. É

certo que houbo avances nestes tempos, agora, semella que algunha vía moi importante como é a autovía A-54 vai abrir un tramo nestes días e o outro nos vindeiros meses, que completará, tendo en conta que ademais a cidade de Lugo, o seu maior número de desprazamentos son coas cidades de Santiago e da Coruña, pero debemos seguir loitando de forma unida por outras que son necesarias, como son as diferentes conexións de ferrocarril tamén coas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, porque, como digo, son os dous núcleos nos que hai máis movemento poboacional con Lugo, de avanzar no desdoblamento dunha vía que é moi perigosa que ten moitos accidentes, como é o corredor Nodela-Monforte, que se debe rematar esa autovía, sobre todo, por unha cuestión de seguridade. Debemos rematar tamén outro tipo de infraestruturas, conexión Lugo-Ourense, etcétera, etcétera, porque ao final o desenvolvemento das comunicacións é o que permite a un concello, unha cidade como Lugo o seu desenvolvemento económico, e, polo tanto, é unha peza clave que debemos tirar entre todas e todos. Eses son retos, realmente, de quen quere a esta cidade, de quen quere poñer por diante a cidade de Lugo e a xente que vive nela. Polo tanto, debemos actuar coa maior seriedade e o maior rigor posible por estas dúas cuestións. Porque unha cidade como Lugo que ademais neste momento está a avanzar nese turismo, como mencionábamos antes, pero ademais un turismo de calidade, que foxe doutro tipo de turismo que moitas veces crean problemas coa veciñanza por problemas de ruídos, problemas de destrozos, de vandalismo. Sabemos de que estamos a falar, o turismo que está creando Lugo, que está construíndo Lugo nestes últimos anos, vai totalmente noutra liña de turismo respectuoso, que queren coñecer a nosa cidade. Un turismo que incluso economicamente é moito máis positivo, porque adoita ser un perfil e que deixa máis diñeiro na cidades que visitan e que, polo tanto, pois permiten que esta cidade gañe valor. Polo tanto, eu creo que son dous retos que sabemos que non son inmediatos, que non se van poder facer neste ano 2025 de forma inmediata, pero que si que deben estar na folla de ruta dunha cidade que realmente queremos, e queremos apostar e nela. Eu, dende logo, como neste caso coa responsabilidades todas que ocupo, póño-me, nese punto, e quixera que todo o mundo, o fixese. Agora, entramos nun ano que tamén vai ser clave. Este ano 2025 despois de anos difíciles, como facía mención a alcaldesa, anos difíciles por diversas razóns, sabémolo todos, pandemia, a crise enerxética, a situación que vivimos, que ao final, non son excusas, son realidades, son obxectivas. Fixeron que houbese que cambiar determinadas prioridades por emerxencias que había que cubrir, e agora entramos previsiblemente nun ano 2025, onde todo se equilibra moito máis, onde a situación nos vai poder xerar outro tipo de sinerxías. Aproveitémola. Levémolas adiante. Eu dende logo, dende o posto que ocupo, serei unha das persoas que se responsabilizará tamén niso. Así que nada e moitas grazas a todas e todos polas boas as intervencións, poñamos no centro o Concello que é o importante para todos.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS  
FONDO: Moitas grazas. Ten palabra a voceira do Grupo Socialista, Ana González Abelleira.

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, señora Candia, honestamente, non sei que municipio ve vostede ou lle interesa ver a vostede. Fala de cinco ítems. Eu simplemente me vou quedar con tres, que me parecen interesantes para poderlle explicar o que vostede entende por eles. Transparencia: incluso a nomeou. Estamos para falar de transparencia, vendo o que está sucedendo na comisión de investigación que vostede preside. Responsabilidade: que onde hai papeis? Onde hai papeis?, pois se os imos buscar á Xunta de Galicia, ben, hai que ter bemoles, por non ser malsoante. Rendición de contas: as contas están sempre fiscalizadas. Nós non estamos cometendo ningunha irregularidade, simplemente adaptamos os procedementos ao procedemento administrativo que hai. Pode haber erros, evidentemente, como teñen todas as administracións, porque a vida é iso, erros para solucionalos. E resposta cidadá: dende logo, a resposta cidade á que dá o Partido Popular. E fala do Plan de parques, de mantemento de parques. Sabe que parques puxeron no rural, que nin sequera reúnen os requisitos básicos de seguridade para as crianzas que os poidan utilizar. Vostedes o que fixeron é poñer un carteliño azul en campaña dicíndolles aos veciños que ían poñer un parque infantil que comprarían en calquera superficie comercial, e alí o achantaron encima de area. E vén vostede dicindo que non hai seguridade nos parques de Lugo, cando somos unha das cidades que mellor mantidos están e que máis traballan por esa seguridade. Así que, honestamente, eu creo que esas paradas de Mondoñedo, Camiño de Santiago non lle están sendo suficiente para coñecer a realidade sosegada e realista do noso concello. Señora Candia, asegúrolle que este goberno está para servir os lucenses e as lucenses, para escoitar, xa o dixeran, as súas necesidades e actuar en consecuencia. De novo e como vén sendo habitual neste mandato, deu vostede unha visión parcial, nesgada e interesada do labor deste goberno, esqueceu moitas cousas. Terxiversou as que quixo e no resto directamente faltou á verdade. O futuro de Lugo é ímolo decidir entre todos os lucenses e as lucenses. Sei que vostede e o seu grupo teñen moito, non teñen moita intención de sumar, lamento, lamento profundamente, porque eu creo noutra oposición. Unha oposición na que esa deslealdade institucional, ao mellor prefiren chamala maldade, porque é o que percibimos dende esta bancada. En principio, esa lealdade debería ser fidelidade cara ás institucións que nos rexen, se non, tamén responsabilidade que temos todos e todas, tanto no goberno como na oposición, e traballar conxuntamente dende os nosos postos polo benestar deste concello e para que as persoas e sexan atendidas nas condicións que demanden. Non é admisible que no seu contacto coa veciñanza se adiquen a introducir bulos, como tamén fixo aquí hoxe, a asegurar disparates como que actualizaron os tributos. A actualización de tributos ía supoñer un 164% de incremento; afirmar que o Concello ía empezar a cobrar o imposto de tracción mecánica a todos os vehículos de uso agrícola agrícola; afirmar que tal pista ou aquela obra se ían facer porque o pedía o Partido Popular, e, como saben, as obras planifícanse e foron licitadas e aprobadas polo goberno municipal. Recórdolles que vostedes, todos e cada un de vostedes, son oposición, e os proxectos fanse seguindo os procedementos legais establecidos co traballo do funcionariado despois da decisión

das persoas que conformamos o goberno de Lugo, e non polo que digan os concelleiros e as concelleiras da oposición. Mire, son capaces, ata hoxe o fixeron, de afirmar que a planta de biometano que se proxecta en Coeses cualificada como proxecto prioritario pola Xunta de Galicia ía ter a última palabra o Concello de Lugo, obviando o principal, que quen decidiu poñela e implantala non foi este Concello, senón unha empresa e o señor Rueda, non este executivo. Así que vostedes tratan, coma sempre, de enganar, confundir e crispas a cidadanía. Foron quen de dicir que unha fenda do muro do peche perimetral do colexio de Quiroga Ballesteros, que leva anos sendo un dano estrutural, debido ás obras que se están realizando no centro. Foron quen de dicir que nesta Administración non había cartos, que estabamos en bancarrota. Chegaron, incluso, a animar a veciños e veciñas a presentar alegacións aos orzamentos a sabendas de que non tiñan ningún tipo de percorrido porque non se e adaptaban á normativa. Chegaron a pedir rebaixas fiscais para tributos que dependen doutras administracións e incluso a litigar contra esta Administración para defender intereses particulares. Pregúntenlles, se non, á veciñanza de Recatelo ou aos das Mercedes, e pregúntenlles tamén de paso que opinan que algún representante público teñan litigado contra este Concello para defender os intereses particulares por riba do ben común e en contra do auténtico clamor social. Miren, a lealdade institucional implica compromiso co respecto e coa transparencia que vostede nomeaba e, sobre todo, coa verdade, nunha realidade onde a desinformación está propagándose con moita facilidade. É crucial que quen ocupa cargos públicos e quen se presenta como alternativa política teña algún tipo de moralidade ou de código que priorice a honestidade e a integridade. Onde está este código, Señora Candia? A oposición política, construtiva lóxicamente, é esencial para o funcionamento da nosa comunidade, e con todo esta oposición debe basearse no diálogo, o respecto e a procura de solucións, non na desinformación e manipulación da verdade, moito menos na compra de vontades. Onde está esa capacidade? Boto de menos ese diálogo e a procura de solucións. Onde está o compromiso coa verdade? Cando a oposición e vehículos de desinformación erosionase a confianza pública nas institucións que representamos, e coa súa forma de facer política perden, sobre todo, os lucenses e as lucenses. A desinformación non só confunde os cidadáns, senón que tamén socava a lexitimidade das decisións políticas, creando divisións innecesarias na nosa sociedade. Construíamos ponte, non levantemos muros que separan e enfrontan sen necesidade. Ese, dende logo, non é o noso estilo. E por iso, debemos fomentar unha cultura de lealdade institucional que valore a crítica construtiva, por suposto, e ao debate informado. A oposición ten un papel crucial en sinalar erros, porque evidentemente que se cometerán e propoñer alternativas, pero debe facelo dende o respecto e a responsabilidade. A verdadeira oposición non busca desestabilizar, busca contribuír ao fortalecemento de Lugo, ao benestar da nosa cidadanía. E hoxe máis que nunca necesitamos liderados que se comprometan a ser transparentes e veraces, necesitamos voces que, aínda que críticas, sexan capaces de construír e non destruír. E isto non significa estar de acordo en todo, evidentemente, senón recoñecer que, a pesar das diferenzas, todos e todas deberíamos compartir o mesmo obxectivo que é o benestar e o progreso de Lugo, algo que vostedes teñen

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

demonstrado que non saben, non poden, ou, o que sería peor, non queren nin lles interesa. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS  
FONDO: Última quenda para a voceira do Partido Popular.

D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, señora, [...] vostedes cando lle negan a carpa, por exemplo, a Diversiarte, ou cando se desdín dos compromisos adquiridos. Son vostedes absolutamente incoherentes. Protestan polo arranxo dunha rotonda no barrio da Ponte, pero fican caladiños cando cortan árbores polos que despois teñen que pedir desculpas. Maniféstanse en apoio das traballadoras de limpeza deste concello, pero non hai un só compromiso aprobado por este Pleno para traballar e avanzar en dereitos para elas cun convenio propio. Piden celeridade nas obras da intermodal, pero xa perdemos a conta das prórrogas que fan nas súas, aplican subas aos seus salarios. Si, porque son o goberno máis caro deste Concello da historia. Pero non actualizan as axudas a entidades tan importantes como por exemplo Cáritas, que leva dende o ano 2014 con 9.000 euros e co agravante de que pagan no 2024, en decembro do 24, a axuda do ano 2023. Presumen de pronto pago, pero os provedores do San Froilán, sabe vostede que ás contas do San Froilán non nos deron acceso, e demostráremosllo tamén, e, se non, será a valedora do pobo, pero os provedores deste San Froilán 2024 ándanlle advertindo que ata marzo non van cobrar. E falan vostedes de rehabilitación, pero se non rehabilita nin aos seus propios inmobles, que tiñan un piso ocupado que aínda encima se incendiou, co perigo que supón para o núcleo histórico da nosa cidade. Falan dun fito histórico, da inauguración do Auditorio. Efectivamente, o señor Arroxo dixo a súa inauguración, a señora Abelleira dixo a súa apertura. Desgraciadamente, apertura aínda non hai, porque ao día seguinte da enorme inauguración, o propio responsable de Cultura anunciou a programación para Gustavo Freire. Sabemos cal foi a primeira é, se queremos a segunda actuación, a marabillosa actuación tamén de Terra Nova, que por certo quedou ben pouco visibilizada, pero non sabemos cal é a seguinte. Iso sería realmente unha apertura real e efectiva. Moito me temo que vai ser unha inauguración como a da praia fluvial. Tampouco respectan os compromisos adquiridos. Vostede, con total humildade, leccións de honestidade e moralidade cando pon en perigo a seguridade do barrio onde vive e encima intenta negar as realidades non mo pode negar. Non teñen palabra nin respectan os compromisos. Nada sabemos do aparcadoiro da capela do Carme, que dunha maneira absolutamente indecente reclamaron o reintegro da subvención con xuros incumprindo o compromiso adquirido pola anterior alcaldesa. Porque todo hai que dicilo. A oposición evidentemente faise á Xunta, no segundo podio encóntrase a miña persoa, pero agora Lara Méndez está moi próxima de ser a terceira á que vostede lle está facendo a oposición que demostra tamén ben pouca xenerosidade porque honestamente a ela llo debe todo. Din que apostan polo talento lucense, pero, porén, seguimos vendo como eses contratos menores precisamente no Pleno da suba de impostos non mo deixaron explicar, a ver se agora no me corta a palabra.

Seguen levando ocorrencias para a contratación dunha asistencia técnica para a preparación, deseño e redacción da nova estratexia urbana deben ir polo Plan de estratexia urbana número 67, a unha empresa co CIF B85576089, que paga os seus impostos en Madrid. Iso é o de menos, que por certo, en Madrid pouco lles gusta para criticar aos seus políticos, pero parece que o talento das súas consultoras lles encanta. Algún día tamén darán explicacións diso, e o problema de todo iso é que están demasiado lonxe, coñecen pouco a cidade e os resultados son pouco proveitosos. Polo menos, aproveiten ao señor Orozco que efectivamente era unha empresa catalá, pero tiña identificados moitos problemas da cidade que aínda hoxe están sen resolver. Como dicía, néganlle a carpa a Diversidade Arte dicindo que podía haber un reparo, pero si levantaron 100 neste ano 2024, e non se poñen colorados. Dicía a señora Méndez no debate do estado da cidade do 22 que sería o ano dos veciños da Croa, estamos entrando no 25, segue sen ser o ano dos veciños da Croa. E agora é máis grave porque a pelota está no seu tellado. E para poñer un exemplo de incoherencia, de falta de palabra, é o da banda, a banda non funcionaba porque non había director, todos sabiamos que iso non era certo, porque cun director só a banda non funciona, pero aplicaban esa mala praxe de repite unha mentira moitas veces, a ver se ao final se converte en verdade, apareceu o director, pero seguimos sen banda no peor. Agora non temos nin banda nin a Escola de Música, e iso por certo, nin directiva da asociación, que nos din os medios de comunicación que despois de nomeala a dedo, a responsable dimitiulle e aguantoulle escasas horas, que resume todo iso, que son moi malos xestores. E vou dicir ademais tamén por qué, porque insisto, lonxe desa intervención ata canto á miña persoa, os debates só se ganan con datos e con argumentos. Aprobaron vostedes nos orzamentos do 24 un anexo de investimentos de máis de 14 millóns de euros; está neste momento executado e finalizado un millón de euros. Isto é moi grave, porque para poder programar isto contrataron un crédito, un crédito que dos 13 millóns e medio de euros cando remate, se o rematan no tempo contratado, teremos que devolver 17; é dicir, catro millóns case máis, o que acaban de agora mesmo de repercutirles aos lucenses na suba de impostos, e, para que, se non teñen capacidade xestionalo, isto é o que está rematado e non chega a un millón de euros. Pero se dicimos o que ten iniciado, avanzado, comprometido, non chega nin ao 20%, un 17%. Estes son os números e esta é a realidade. Mire, eu, alégrome moitísimo de que se avanzara en moitísimos dos apartados que vostede citou, e agradezo ese traballo, esa colaboración que nunca faltou da Xunta de Galicia. E nesta última, os catro minutos vou agradecer o traballo aos 12 compañeiros, 11 máis eu, que formamos esta oposición, 66 proposicións presentadas, das que se aprobaron 11; máis de 500 preguntas en comisións, máis de 130 preguntas en pleno e rogos, dous plenos extraordinarios, un deles francamente moi efectivo que tivo resultados antes de empezar, non en van, e non foi casualidade que escasa media hora antes facía unha cesión tan demandada da parcela para a comisaría. Hoxe o Consello da Xunta avanzará unha nova positiva para resolver un dos problemas que ten a cidade en materia de vivenda. Temos unha nova residencia pública con 120 prazas; estamos pendentes de licenza para mellorar a residencia da Milagrosa, e tamén pedimos celeridade para a licitación dese centro de saúde

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

que o conselleiro trasladou, que se licitará en xaneiro. Os orzamentos contemplan unha importante partida para a reforma do antigo edificio de Aspnaís. Educación segue investindo nos centros educativos da cidade. Por suposto, coincido co señor Arroxo, Avanzaremos no desdoblamento do corredor. E preguntábame a señora alcaldesa onde estaban as manifestacións cando gobernaba Rajoy? Voulle entregar unha foto. Eu estiven sempre, vostede non estivo nunca. Non estivo nin na parte reivindicativa que teño que recoñecer que non son moito de manifestacións, pero no tema de infraestruturas por suposto que tamén din esa batalla. Aquí estamos o 18 de decembro do 16, pero tamén nos despachos coa señora Pardo de Vera, recórdase dela. Despois tamén lles deron responsabilidades vostedes. Aquí estaba sendo iso unha humilde servidora pública, que é co que como concibo a política, e, por suposto, os orzamentos avanza no desdoblamento do corredor, dígoo con orgullo, porque para que os orzamentos contemplan as necesidades da cidade, que nos permitirá ademais avanzar no noso modelo de cidade. E arranxando os problemas que vostedes se comprometeron. Encheuse, señor Arroxo, de falar de que había que conservar o patrimonio. Citei o propio piso que nin tiñan rehabilitado, pero tamén podería citar esas obras para protexer das humidades a Catedral, que xa están adxudicadas e que ademais de prometerlo, como tantas outras cousas, non fixeron. Mire, écheselles a boca dicindo que son un goberno progresista e cun marcado carácter social. E novamente voulle dar un dato: o servizo de axuda no fogar do Concello de Vilalba foi adxudicado este ano, Vilalba, 13.000 habitantes; dous anos, importe do contrato: 10.400.000 euros. O servizo de axuda no fogar novamente moi progresistas é moito o servizo público, pero, como todo, téñeno, por suposto, privatizado, dous anos, 11 millóns; Lugo, máis de 100.000 habitantes. Creo que son datos para ruborizarse e que evidencian que as persoas nesta cidade, incluso as que máis o necesitan, están no último elo das súas prioridades. Dentro do traballo da Xunta de Galicia, que evidentemente eu non son a Xunta de Galicia, pero reivindico de maneira constante e priorizando o emprego, forma, dende logo, parte das nosas principais preocupacións. E de aí agradezo a ampliación do polígono das Gándaras, como agradezo o apoio ao primeiro centro de día de autismo, como agradezo o apoio á ampliación das explotacións agrarias, a plans de mellora ou as novas incorporacións. Agradezo a renovación do Anxo Carro, unha débeda histórica, e agradezo o amplo apoio aos programas, ás entidades sociais, deportivas e culturais. E sigo avanzando neste modelo de cidade cun único compromiso: dicir a verdade, que só nos debemos aos lucenses e poñendo as persoas no centro. Era o noso programa e será o noso obxectivo.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Ben, pois vou facer a miña última intervención, a que remata este Pleno. O primeiro que quero deixar claro, por alusións, é a circunstancia dos dous plenos. Creo que o Grupo Municipal do Partido Popular fixo unha consulta ou unha queixa, que foi contestada pola Secretaría do Pleno no seu momento. Polo tanto, hai un informe da secretaria que, se quere intervir doulle a palabra pero que lle conteste exactamente o que puxo no seu informe. Se quere intervir a secretaria, senón está por escrito, está a disposición de

calquera dos concelleiros canto lles puxo. Polo tanto, xa empezamos mentindo. Este tipo de oposición que temos, ese tipo de oposición non quería falar. Hoxe viña aquí falar de todo o que se traballou, deses 11 meses, que nin sequera foron 12, 344 días de traballo intenso. Outros alcaldes cando chegan ao posto, no ano de leccións nin sequera hai debate do estado do Concello. Ata o ano seguinte non se fai para que teña un ano e medio para poder visualizarse aos froitos do seu traballo. Eu non tiven esa oportunidade, e antes do ano con 11 meses, xa estou dando aquí resultados. Fixen un debate, unha exposición en positivo de todo o que se traballou incansablemente nestes 11 meses, e aí están os números. O que está claro é que a voceira do Partido Popular tanto traballo non lle gustou, escoceu, supoño. Porque empezamos primeiro atacando eses dous plenos. Cando se fixo un escrito polo Grupo Municipal Popular que foi contestado pola Secretaría do Pleno, pero diso non falo, por qué mentir, terxiversar, tensar, crispas, parece ser o lema da voceira do Grupo Popular e, tamén, con bastante falta de educación, recordoume, ou, polo menos, con falta de delicadeza. Recordoume que estou aquí sen ser elixida polo pobo, o problema, o problema que ten, e que ela non está aquí porque os cidadáns de Lugo non a votaron, non quixeron que fóra a alcaldesa de Lugo, ese é o gran problema, pero pareceume unha forma de... Eu non interrompín en ningún momento, escoitei moitas mentiras, só espero que se escoite porque a mala educación é o peor que se pode ter nun sitio destes. Polo tanto, eu non dixen nada, en todo o tempo, escoitei moitas mentiras. Só pido o mesmo respecto, por favor. Amargar un pouco este debate porque esa evidentemente é a cuestión coa que contabamos. Está claro cal é o seu obxectivo: crispas, mentir, como dicía terxiversar un pouco de matonismo político. Espero, vostede xa o verá no xulgado, xa o verá. Quero dicir, seguimos na era dos sobres anónimos, seguimos na era de tu verás, eses whatsapps de tu verás, atente ás consecuencias que se mandan indiscriminadamente a moitas zonas da cidade e a moitos empresarios e a moita xente. Eu non vou entrar niso. Eu non teño esa forma de facer política, eu teño unha forma de facer política completamente distinta á súa, sempre tendendo a man, sempre colaborando, falando coas distintas administracións e sempre en positivo. Eu estou aquí para defender a todos os veciños e veciñas de Lugo, que a min si me importan. Impórtanme moito todos os veciños e esas políticas progresistas. Polo tanto, respecto ao informe do Pleno, está a disposición de todos os concelleiros e de todo o mundo que queira ter, á prensa e a todos, porque tratar de escurecer o inicio do Pleno con esas dúas cousas, que se os dous plenos o da Deputación e este, e tamén que eu estou aquí cando non era a cabeza de lista paréceme bastante feo, pero voume centrar no que estaba, que era na parte positiva no traballo, no traballo, ese traballo silencioso, constante, que facemos desde este goberno. E non imos entrar no matonismo político porque non queremos entrar niso. Na primeira intervención, como dixen, foi bastante ampla porque, pese a ser 344 días, como dicía, nin sequera chega a un ano, traballouse moitísimo, moitísimo e non quería que se escaparan as cousas, porque creo que é bo que todos visualicemos, eu mesma cando escribes visualizas todo o que fixeches. Eu mesma me sorprendín de todo o que se traballou neste ano, todo o que traballaron todos os concelleiros e concelleiras deste goberno en cada unha das áreas foi tremendo e

## ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

quero recoñecelo, pero o debate de hoxe deixa unha conclusión moi clara, é moi clara, que para a oposición que lidera a señora Candia, protexer e coidar aos nosos veciños, á nosa veciñanza é despilfarrar, manter e ampliar as prestacións, a súa calidade, o ámbito de aplicación, dimensionar correctamente os servizos para que funcionen ben é despilfarrar. Seguir dando pasos nunha cidade inclusiva, sostible e integradora, con espazos de convivencia para todos e para todas peonalizados e humanizados, para ela é despilfarrar. Está claro que non temos os mesmos obxectivos políticos nin a mesma fin política, porque é unha oposición que nin quere ver nin quere que a cidadanía tampouco vexa. Todo canto avanzamos en materia de calidade de vida e benestar nos últimos anos. Realmente, o que destinan o seu tempo a iso, a non ver e que os demais non o vexan. Encher Lugo de valados publicitarios, evidentemente eles deben ter moito diñeiro, nós non o temos, pero eles deben ter moito diñeiro, encher Lugo de valados publicitarios. Para iso si que traballa. Tivemos moitísimos exemplos nos últimos 344 días de continuos intentos de levar a cabo, de sabotar toda a xestión municipal, e, como dicía, con mentiras, con terxiversación e manipulando datos de maneira moi constante, manipulando datos. E só vou poñer dous exemplos, soamente, un moi recente: as caídas de peóns nas zonas de obras, sen ningún tipo de pudor, sen ningún tipo de pudor, tras[...] a cifra de caídas de todos os peóns de todo o ano en toda a cidade, como se fose na zona histórica. Ese tipo de política que se busca unha [...], unha política que falta á verdade conscientemente, que non me gusta dicir mentireira, prefiro é dicir falta á verdade. Hai unha verdade, e a terxiversa, pois ese é un exemplo, ou o que dicía a voceira do Partido Socialista, eu fun con ela a unha reunión, a unha parroquia, e dixerónme que iso que lle dixeran, o Grupo Municipal do Partido Popular que subiamos os impostos o 174%. Iso é faltar á verdade e iso é intentar levantar a xente contra un goberno que está traballando arreo constantemente, pero é que non teñen outra arma, non teñen ou están, están poñendo de manifesto que non teñen outra arma, non saben traballar doutra maneira. É triste. Nós buscamos outro tipo de política, os dous grupos municipais que estamos aquí gobernamos, creo que estamos de acordo que buscamos outro tipo de política. Nós traballamos, non queremos estar todo o día en conflito, todo o día en conflito faltando á verdade como digo. É unha política de matonismo que, dende logo, non nos vai a ningún dos dous grupos políticos. Pero ademais destes exemplos, deses exemplos, de faltar á verdade, tamén, revolven apropiándose as propostas doutros colectivos. Empezamos polos traballadores, do traballo dos propios funcionarios municipais. Tan pronto teñen coñecemento de que se está movendo algo, porque o saben, fírmanse decretos, están ao día, coñecerán xente, vén unha proposición a Pleno cando saben que xa estamos traballando, por iso temos que dicirlle sempre non, non lle imos votar que si, porque xa está o traballo feito, pero despois di, grazas a nós fíxose isto. Non, é que se apropian do traballo dos funcionarios, do traballo dos propios concelleiros, ata se apropian do traballo da Xunta de Galicia, non o oíron, non o oíron, que teñen que propoñer, que teñen que ensinar, a Xunta de Galicia fixo, a Xunta de Galicia fixo, os representantes da Xunta de Galicia. Eu estou de acordo perfectamente con Mauricio Repetto, o concelleiro, cando sempre lle di que vostede é a verdadeira representante da Xunta de Galicia aquí, ser concelleira de

Lugo nunca lle pareceu importante, por iso utiliza outros títulos, outros títulos cos que debería avergonzala, porque vostede está aquí e é concelleira deste Concello. Creo que é importante, e moitos ao mellor non estaban nesas manifestación que di vostede no ano 16, porque eu tiven outra vida antes de entrar na política. Tiven outra vida e traballei, tiven un despacho propio e coñézoa moito. Ao mellor vostede non coñece outra vida, e por iso ten que dicir todas. Faltar á verdade de semellante maneira e crispas, crispas a política municipal sacando cousas completamente de contexto. Pero, como digo, apropiarse do traballo dos funcionarios, apropiarse do traballo dos concelleiros, apropiarse incluso, como digo, do traballo doutras administracións. Iso é o que define o seu traballo no último ano. Traballar de forma positiva, supoño, porque a teño por unha persoa intelixente, traballar de forma positiva. Pensa vostede que non lle vai dar resultados? Vostede é máis dese labor de a río revolto, ganancia de pescadores, vamos meter, vamos revolucionar un pouco, porque ese é o que a min me trae a ganancia. Polo tanto, creo que ese é o tipo de política, e está claro o talante da voceira do Grupo Municipal Popular. A min, dende logo, dáme moita mágoa, dáme moita mágoa que en vez de facer propostas, falar, hai cousas que poden estar ben e cousas que poden estar mal. Un pode dicir gustoume isto, non me gustou o outro, pero ese tipo de facer oposición dende logo aquí non nos vai encontrar do seu lado. Traballar hai que traballar, pero tamén saber recoñecer cando as cousas se fan ben, e vostede non é capaz de recoñecer nin unha cousa. Iso xa indica, é imposible, é imposible, todo mal, todo mal. Outro exemplo que quero poñer, non me quero esquecer, a apertura do Auditorio, como falabamos hai un momento, tamén ao señor Arroxo, a apertura do Auditorio tremendo, ata o último segundo se intentou que non se abría, requirimentos de todo. Primeiro, había que abrílo a toda costa, intentaron abrílo, incluso, nunhas eleccións, nunha campaña que non llo permitiron, aí ían abrílo de calquera maneira. Agora, coidado, o mesmo día, o mesmo día que se abriu veu un requirimento para que non se abría, tremendo, cousas que doen. Quero que a cidadanía de Lugo o saiba, o saiba, porque iso é matonismo político. Tal cal, como lles dixen, non nos imos a encontrar aí nese tipo de políticas, non nos imos encontrar aí. Polo tanto, eu quero rematar como empecei, e aquilo que dixen ao inicio da miña intervención, a escoita, o diálogo, o traballo, a colaboración son e serán sempre os piares que sustentan a xestión deste goberno. Será sempre así. Nestes 11 meses houbo moitísimas mostras e volvo facer un simple resumo: a apertura do Auditorio, a cesión de parcelas de comisaría a Policía Nacional, a posta dos terreos a disposición de Adif e da Xunta de Galicia para facer a intermodal, os que posibilitarán agora que a Deputación remate o desdoblamento da Duquesa de Lugo, que a Xunta poida mobilizar para desenvolver, desenvolver solo residencial nesta cidade despois de tantos anos, e, incluso, a nosa intervención para que o goberno galego aceptase toda a parcela do CEI para construír alí o novo centro de saúde do Sagrado Corazón. Chegamos a acordos coa Confederación Hidrográfica Miño Sil para desenvolver proxectos moi importantes para Lugo, para todos os lucenses; pechar o Cinto Verde; mellorar a contorna do río Rato e o Miño; recuperar a Fábrica da Luz. Acadamos a regularización inicial das terrazas, dos horarios da hostalería en prol do descanso e tamén da convivencia veciñal. Imos abordar xa

## **ACTAS E GOBERNO**

ARG/jch

Refº: ispac4613282911137926309.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 27-12-2024 (DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO)

deseguido a ordenanza de zona de baixas emisións e tantos e tantos outros retos para os que xa estamos sentando as bases e, por suposto, traballando en moitos deles xa dunha maneira moi avanzada e, por suposto, sempre coa mirada e cos obxectivos postos no incremento, a curto medio e tamén a longo prazo do benestar da nosa veciñanza, sen ruído, sen distraccións, sen carteis, sen propaganda, combatendo precisamente toda a confusión e a dispersión que outros pretenden xerar, como único mecanismo que recoñecen para alcanzar réditos electorais. Pero a realidade é teimuda, e os resultados están aquí. Isto que presentamos hoxe é o balance dos últimos 344 días, ou dito doutro xeito, moito máis positivo, como me gusta a min, é o balance dos meus primeiros 344 días, por moito que lles doa a algúns.

Deséxolles unhas felices festas, e verémonos antes de fin de ano; polo tanto, desexareilles ese día o feliz Aninovo. Moitas grazas a todos e a todas.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e dous minutos do expresado día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.**